Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño (2023)

Monografías do IBADER - Serie Territorio

Pablo Rivera Capón
Carlos López López
Andrea Macho Benito
Luis J. Fernández Reija
Javier Ferreiro da Costa
Luis Gómez-Orellana Rodríguez
Manuel A. Rodríguez Guitián
Hugo López Castro
Carlos Oreiro Rey
Diego Blanco Sandá
Pablo Ramil-Rego

TERRAS DO MIÑO
LUGO

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
IBADER
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural

Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño- 2023

Autores: Diego Blanco Sandá, Luis J. Fernández Reija, Javier Ferreiro da Costa, Luis Gómez-Orellana Rodríguez, Hugo López Castro, Carlos López López, Andrea Macho Benito, Carlos Oreiro Rey, Pablo Ramil-rego, Pablo Rivera Capón, Manuel A. Rodríguez Guitián.

A efectos bibliográficos a obra debe citarse: Rivera Capón, P., López López,C., Macho Benito, A., Fernández Reija, L.J., Ferreiro da Costa, J., Gómez-Orellana Rodríguez, L., Rodríguez Guitián, M.A., López Castro, H., Oreiro Rey, C., Blanco Sandá, D., Ramil-Rego, P. (2024). Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño - 2023. Monografías do Ibader - Serie Territorio. Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo.

Deseño e Maquetación: IBADER

ISSN edición dixital: 1988-8341

Depósito Legal: C 173-2008

Edita: IBADER. Instituto de de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. Universidade de Santiago de Compostela, Campus Universitario s/n. E-27002 Lugo, Galicia.

http://www.ibader.gal

info@ibader.gal

Copyright: Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER).

O Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño - 2023, enmárcase nos traballos realizados polo Grupo Tragsa e a Deputación Provincial de Lugo, na execución dos fondos Next Generation da Unión Europea a través da subvención convocada pola Xunta de Galicia "Axudas para actuacións por parte dos órganos de xestión das Reservas da Biosfera de Galicia con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023. O documento foi realizado por un amplo equipo de persoas no que participaron membros dos órganos de goberno da Reserva, técnicos da Deputación de Lugo e persoal científico do IBADER (Universidade de Santiago).

Edición realizada con la colaboración de la Deputación de Lugo

BY NC ND

Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño 2023

Pablo Rivera Capón
Deputación de Lugo
Carlos López López
Deputación de Lugo
Andrea Macho Benito
RB Os Ancares Lucenses
J. Fernández Reija
RB Os Ancares Lucenses
Javier Ferreiro da Costa
GI-TB. IBADER (USC)
Luis Gómez-Orellana Rodríguez
GI-TB. IBADER (USC)
Manuel A. Rodríguez Guitián
GI-TB. IBADER (USC)
Hugo López Castro
GI-TB. IBADER (USC)
Carlos Oreiro Rey
GI-TB. IBADER (USC)
Diego Blanco Sandá
GI-TB. IBADER (USC)
Pablo Ramil-Rego
GI-TB. IBADER (USC)

USC Universidade de Santiago de Compostela
IBADER
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural

Monografías do IBADER - Serie Territorio
Lugo 2024

Monografías do IBADER

Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural

Temática e alcance

O Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) é un instituto mixto universitario, situado na cidade de Lugo e conformado pola Universidade de Santiago de Compostela, as Consellerías da Xunta de Galicia con competencias en Medio Ambiente e Medio Rual e a Deputación de Lugo.

Unha das actividades do IBADER é a publicación e difusión de información científica e técnica sobre o medio rural desde unha perspectiva pluridisciplinar. Con este obxectivo publícanse a revista Recursos Rurais e as Monografías do IBADER, espazos orientados a fortalecer as sinerxías entre colectivos vinculados ao I+D+I no ámbito da conservación e xestión da Biodiversidade e do Medio Ambiente nos espacios rurais e nas áreas protexidas, os Sistemas de Produción Agrícola, Gandeira, Forestal e a Planificación do Territorio, tendentes a propiciar o Desenvolvemento Sostible dos recursos naturais.

A Revista científico-técnica Recursos Rurais publica artigos, revisións, notas de investigación e reseñas bibliográficas. A revista inclúe unha Serie Cursos, que publica os resultados de reunións, seminarios e xornadas técnicas ou de divulgación. As Monografías do IBADER divulgan traballos de investigación de maior entidade, manuais e textos de apoio a docencia ou investigación e obras de divulgación científico-técnica.

A revista Recursos Rurais atópase incluída na publicación dixital Unerevistas da UNE (Unión de Editoriales Universitarias Españolas) e na actualidade inclúese nas seguintes bases de datos especializadas: CIRBIC, Dialnet, ICYT (CSISC), Latindex, Rebiun e REDIB.

Política de revisión

Todos os traballos publicados polo IBADER, deben ser orixinais. Os traballos presentados serán sometidos á avaliación confidencial de dous expertos anónimos designados polo Comité Editorial, que poderá considerar tamén a elección de revisores suxeridos polo propio autor. Nos casos de discrepancia recorrerase á intervención dun terceiro avaliador. Finalmente corresponderá ao Comité Editorial a decisión sobre a aceptación do traballo. Caso dos avaliadores propoñeren modificacións na redacción do orixinal, será de responsabilidade do equipo editorial -unha vez informado o autor- o seguimento do proceso de reelaboración do traballo. Caso de non ser aceptado para a súa edición, o orixinal será devolto ao seu autor, xunto cos ditames emitidos polos avaliadores. En calquera caso, os orixinais que non se suxeiten ás seguintes normas técnicas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección, antes do seu envío aos avaliadores.

IBADER
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural
Universidade de Santiago de Compostela
Campus Universitario s/n
E 27002 Lugo, Galicia (España)

Tfno 982 824500
Fax 982 824501

http://www.ibader.gal
info@ibader.gal

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
IBADER
Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural

Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño 2023

A Reserva da Biosfera “Terras do Miño, foi declarada no ano 2002 pola UNESCO, sendo a primeira Reserva da Biosfera que se designou na Comunidade Autónoma de Galicia. A súa xestión recae na Deputación de Lugo. No momento da súa declaración a Reserva comprendía un territorio de 363.668,9 ha, pertencentes a 26 municipios: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Ourol, Outeiro de Rei, Páramo, Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, Valadouro, Vilalba, Xermade.

A normativa estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 5/2019) designa as Reservas da Biosfera como áreas naturais protexidas por instrumentos internacionais vinculadas co Programa MaB da UNESCO.

As Reservas da Biosfera, para a súa integración e mantemento como tales, deben respectar as directrices e normas aplicables da UNESCO e as establecidas a nivel estatal e autonómico e contar, como mínimo, cunha ordenación espacial integrada por: unha ou varias zonas núcleo cos obxectivos básicos de preservar a diversidade biolóxica e os ecosistemas. unha ou varias zonas de protección das zonas núcleo, que permitan a integración da conservación básica da zona núcleo co desenvolvemento ambientalmente sostible na zona de protección. unha ou varias zonas de transición entre a Reserva e o resto do espazo, que permitan incentivar o desenvolvemento socioeconómico para a mellora do benestar da poboación, aproveitando os potenciais recursos específicos da Reserva de forma sostible, respectando os obxectivos desta e do Programa MaB da UNESCO.

A Reservas de Biosfera deben contar cun órgano de xestión responsable do desenvolvemento das estratexias, liñas de acción e programas e outro de participación pública, no que estean representados todos os actores sociais da reserva. E deben tamén contar cunhas estratexias específicas de evolución cara aos obxectivos sinalados, co seu correspondente programa de actuación e un sistema de indicadores adaptado ao establecido polo Comité MaB Español, que permita valorar o grao de cumprimento dos obxectivos do Programa MaB. Ditas estratexias articúlanse no correspondente Plan de Xestión

O primeiro Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño cubriu o período 2013-2023. No ano 2023 iniciouse a redacción do segundo Plan de Xestión da Reserva enmarcado nos traballos realizados pola Deputación de Lugo e o Grupo TRAGSA, na execución dos fondos Next Generation dá Unión Europea a través dá subvención convocada pola Xunta de Galicia "Axudas para actuacións por parte dous órganos de xestión dás Reservas dá Biosfera de Galicia con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para vos anos 2022 e 2023. Ou documento foi realizado por un amplo equipo de persoas non que participaron membros dous órganos de goberno dá Reserva, técnicos da Deputación de Lugo e persoal científico do IBADER (Universidade de Santiago

O Plan de Xestión se adecúa nos seus contidos aos criterios fixados pola UNESCO e pola normativa estatal e autonómica. Para a súa elaboración desenvolvéronse distintas reunións técnicas, así como un período de participación pública. As distintas achegas foron finalmente expostas e discutidas nos órganos de xestión e participación, realizándose a súa aprobación final do Plan de Xestión nas reunións do órgano de participación e de xestión da Reserva celebradas o 18/06/2024 en Lugo. O Texto finalmente aprobado inclúese no presente documento de acceso libre (public domain) na súa versión en lingua galega e castelá.

en lingua galega e castelá.

Plan de Xestión (Versión en galego) ……6
Plan de Gestión (Vesión en castellano) ……..140

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
Financiado pola Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia
DEPUTACIÓN LUGO
Tragsa GrupoTragsa

Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño 2023 [versión en galego]

1 Introducción, obxectivos e criterios

Na normativa estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 5/2019) sobre Áreas Naturais Protexidas, as Reservas da Biosfera considéranse como "Áreas Protexidas por Instrumentos Internacionais", vinculadas co Programa o Home e a Biosfera (Programa Man & Biosphere, M&B) da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza.

A Reserva da Biosfera "Terras do Miño, foi declarada no ano 2002 pola UNESCO, sendo a primeira Reserva da Biosfera que se designou na Comunidade Autónoma de Galicia. A súa xestión recae na Deputación de Lugo. No momento da súa declaración a Reserva comprendía un territorio de 363.668,9 ha, pertencentes a 26 municipios: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Ourol, Outeiro de Rei, Páramo, Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, Valadouro, Vilalba, Xermade.

No momento da declaración da Reserva da Biosfera Terras do Miño estableceuse a súa zonificación, que se mantén na actualidade e onde as zonas núcleo representan 35.501,9 ha. (9,8%), mentres que as zonas tampón suman 79.921,9 ha, (22%) e as zonas de transición correspóndense cunha superficie de 248.245,1 ha (68,2%). Na memoria declarativa tamén se establecían os órganos de xestión e participación da Reserva da Biosfera, os cales se concretaron e desenvolveron a través da aprobación dun regulamento no ano 2011. Mentres que o seu primeiro Plan de Xestión (Plan de Acción) foi aprobado no ano 2013, contemplando unha vixencia de 10 anos.

Desde o momento da súa declaración, a Reserva da Biosfera Terras do Miño formou parte da Rede Mundial de Reservas da Biosfera e da Rede Española de Reservas da Biosfera, incorporándose recentemente á Rede Galega de Reservas da Biosfera.

Neste dilatado período a Reserva da Biosfera Terras do Miño liderou e participou en distintas iniciativas destinadas a desenvolver os obxectivos e fins do Programa M&B, tanto en relación coa función de conservación, desenvolvemento social e sostible, como de apoio loxístico, colaborando para iso con distintos organismos, entidades públicas e privadas, tanto da Reserva como doutros territorios de Galicia, España ou de Europa, que se recollen nas súas memorias de actividades.

Ao longo dos case 20 anos de actividade da Reserva da Biosfera Terras do Miño, realizáronse por parte do Consello Científico do Comité Español do Programa MAB distintos procedementos de análises e avaliación relativos ao funcionamento e grao de cumprimento das súas funcións. Paralelamente devanditos órganos e o CIC da UNESCO realizaron o primeiro Informe Decenal (2013), estando previsto efectuar no ano 2023 o segundo Informe Decenal. A valoración conxunta destes informes consideran que a Reserva da Biosfera Terras do Miño cumpre cos obxectivos e criterios que para a Reservas da Biosfera fixa a UNESCO (Estratexia de Sevilla, Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera), como da normativa estatal e española, cumprimento que debe ser reforzado así como débense integrar os criterios fixados no Plan de Acción de Lima para a Rede Mundial de Reservas da Biosfera e no Plan de Acción de Ordesa-Viñamala para a Rede Española de Reservas da Biosfera. Este reforzamento xustifica a necesidade de levar a cabo a actualización do Plan de Xestión, elaborando así un segundo Plan de Xestión, para o período 2024-2034.

Este segundo Plan de Xestión redáctase en consecuencia fixando como ámbito a superficie declarada inicialmente como Reserva da Biosfera (363.668,9 ha), considerando en consecuencia a totalidade da superficie de 17 termos municipais (Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba, Xermade), mentres que doutros 9 termos municipais soamente adscríbense as áreas que forman parte da Conca Alta do Río Miño (Abadín, Alfoz, Meira, Mondoñedo, Muras, Ourol, Pol, Riotorto, Valadouro).

O Plan de Xestión estrutúrase en 5 capítulos: Un capítulo introdutorio. Un capítulo de diagnose, onde se plasman os aspectos xerais relativos á delimitación da Reserva, inventario de compoñentes clave e delimitación do seu estado de conservación, incluíndo ademais a determinación dos criterios de conservación e as regulacións xerais e especificas con respecto a usos e actividades, finalizando a diagnose co establecemento de criterios orientadores na formulación e execución das diversas políticas sectoriais que inciden no ámbito territorial de aplicación do Plan, para que sexan compatibles cos obxectivos das Reservas da Biosfera. No terceiro capítulo descríbense os Órganos de goberno e participación na Reserva da Biosfera Terras do Miño, mentres que o cuarto capítulo inclúe os obxectivos e as liñas estratéxicas establecidas no Plan de Xestión para o cumprimento das tres funcións que debe cumprir unha Reserva da Biosfera. O quinto e último capítulo, establece unha previsión de custos e instrumentos financeiros previstos para a aplicación do Plan de Xestión, así como os procedementos para a modificación do Plan e o período de vixencia deste. O Plan constitúe ademais un compromiso compartido entre os axentes locais, as institucións públicas e os habitantes da Reserva da Biosfera para convertela nun elemento de dinamización, cohesión social e sustentabilidade.

1.1. Obxectivos do Plan de Xestión

O obxectivo principal do Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño é contribuír a fortalecer o funcionamento da Reserva, acorde cos principios fixados no Programa Man & Biosphere e na normativa que regula no ámbito español e galego a figura de Reserva da Biosfera como Área Protexida por Instrumentos Internacionais. Este obxectivo xeral articúlase noutros de carácter secundarios, non por iso menos importantes:

Obxectivos do Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño
1.- Contribuír a cumprir e fortalecer os tres obxectivos e funcións que a UNESCO estableceu para as Reservas da Biosfera (conservación, desenvolvemento sostible, apoio loxístico), así como os desenvolvidos no Plan de Acción da Rede Mundial das Reservas da Biosfera (Plan de Acción de Lima) e o Plan de Acción da Rede Española de Reservas da Biosfera (Plan de Acción de Ordesa-Viñamala).
Iso supón a implicación da Reserva da Biosfera en accións tendentes a:
1.1.- Reducir a perda de biodiversidade (paisaxes, hábitats e especies), fomentando a conservación dos compoñentes e recursos naturais silvestres, así como cultivares e variedades tradicionais establecidos desde antigo na Reserva da Biosfera.
1.2.- Contribuír a mitigar ou erradicar a presenza de especies exóticas invasoras dado os seus efectos negativos sobre a calidade da paisaxe e a conservación dos hábitats e a flora e fauna autóctona.
1.3.- Contribuír á implementación de medidas de mitigación e adaptación fronte ao cambio climático global.
1.4.- Contribuír desde o ámbito rural e local ao cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).
1.5.- Promocionar o desenvolvemento racional e sostible dos recursos naturais, tanto no medio rural como nos enclaves urbanos da Reserva da Biosfera.
1.6.- Fortalecer o papel da Reserva da Biosfera no ámbito do desenvolvemento rural, impulsando a promoción da marca de calidade e da Axenda agroalimentaria
1.7.- Contribuír á implantación e consolidación da Infraestrutura verde impulsando accións destinadas á mellora da conectividade ecolóxica e da restauración ambiental.
2.- Consolidar o modelo de gobernanza da Reserva da Biosfera e fomentar a participación pública na súa xestión, proporcionando á cidadanía canles para realizala, así como facilitando o acceso á información xerada na Reserva
3.- Establecer marcos sólidos de colaboración con outras Reservas da Biosfera, universidades, centros de investigación, entidades de desenvolvemento rural, etc, que permitan definir e desenvolver proxectos comúns orientados ao cumprimento das funcións propias das Reservas da Biosfera e do Programa M&B.

Táboa 1.1. Obxectivos do Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño

1.2. Determinación dos criterios para a xestión dos recursos naturais

Os criterios básicos que nunha Reserva da Biosfera deber rexer son a conservación, protección, restauración e uso sostible dos recursos naturais e, en particular, dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade, identifícanse claramente cos obxectivos e liñas de actuación contempladas no Marco mundial Kunming-Montreal da Diversidade Biolóxica, aprobado en decembro do 2023, na XV Conferencia das partes no Convenio sobre a Diversidade Biolóxica.

O Marco consta de catro obxectivos globais xenerais para protexer a natureza, que inclúen: deter a extinción inducida polos seres humanos das especies en perigo de extinción e, para 2050, redúcese á décima parte o ritmo e o risco da extinción de todas as especies; a diversidade biolóxica utilízase e xestiona de maneira sostible e as contribucións da natureza ás persoas, tales como as funcións e os servizos dos ecosistemas valóranse, mantéñense e mellóranse; todo beneficio da utilización dos recursos xenéticos e información de secuencias dixitais sobre os recursos xenéticos compártese en forma xusta e equitativa; e os medios de implementación adecuados para aplicar plenamente o Marco son accesibles de maneira equitativa a todas as Partes.

Complementando o Marco mundial Kunming-Montreal da diversidade biolóxica (COP15, 2023), débese ter en conta os obxectivos e liñas fixadas na Estratexia de Biodiversidade da UE (Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións. Estratexia da UE sobre a biodiversidade de aquí a 2030. Reintegrar a natureza nas nosas vidas (Bruxelas, 20/05/2020. COM (2020) 380 final), así como o recentemente aprobado Plan Estratéxico Estatal do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (Real Decreto 1057/2022, do 27 de decembro, polo que se aproba o Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade a 2030, en aplicación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 313, 30/12/2022).

1.3. Determinación de regulacións que incidan sobre o uso dos compoñentes da Biodiversidade e o Patrimonio Natural.

A lexislación estatal (Lei 42/2007) fixa en coherencia cos obxectivos do Programa Man & Biosphere, os criterios básicos referidos ao uso dos recursos naturais en relación cos usos e aproveitamentos dos recursos naturais nas distintas unidades de zonificación dunha Reserva da Biosfera. Esta zonificación oriéntase a:

1.- Garantir a conservación dos valores ecolóxicos, paisaxísticos, produtivos e científico-culturais do territorio

2.- Mellorar, recuperar e rehabilitar os elementos e procesos do medio que se atopen degradados

3.- Permitir o adecuado desenvolvemento das actividades económicas, fomentando un uso do territorio compatible coa conservación e aproveitamento racional e sostible dos seus recursos.

Como resultado a Reserva da Biosfera Terras do Miño contempla tres unidades de zonificación (zonas núcleo, zonas tampón, zonas transición), que deberían asegurar o cumprimento das funcións fixadas no Programa Man & Biosphere da UNESCO.

As Reservas da Biosfera, a diferenza doutros tipos de áreas naturais protexidas, non adoitan contemplar o establecemento dun marco regulatorio de actividades e usos que incidan sobre os compoñentes da Biodiversidade e o Patrimonio. Este marco, necesario para asegurar o cumprimento dos obxectivos da Reserva, queda pois fixado na maioría da Reservas da Biosfera, e polo menos nas galegas, pola normativa sectorial e concretamente a referida á conservación da natureza (Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007. Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. DOG 149, 07/08/2019), o uso da auga (Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas. BOE 176, 24/07/2001), do solo (Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana. BOE 261, 31/10/2015), de actividades referidas ás actividades do sector primario (Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural. BOE 299, 14/12/2007, Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes. BOE 280, 22/11/2003, Lei 8/2020, do 16 de decembro, pola que se adoptan determinadas medidas urxentes en materia de agricultura e alimentación. BOE 328, 17/12/2020), minas (Lei 22/1973, do 21 de xullo, de Minas. BOE 176, 24/07/1973), residuos (Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. BOE 85, 09/04/2022), turismo (Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia.

DOG. 216, 11/12/2011), etc, así como a normativa de avaliación de impacto ambiental (Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. BOE 296, 11/12/2013. Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. DOG 29, 10/02/1995). No caso das zonas núcleo, a estas determinacións, débense engadir as contempladas nos seus propios instrumentos de xestión, que no caso da Reserva da Biosfera Terras do Miño, correspóndense coas incluídas no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e apróbase o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. DOG 61, 31/03/2014).

1.4. Criterios de referencia orientadores na formulación e execución das diversas políticas sectoriais que inciden

As diferentes administracións con competencias no ámbito territorial da Reserva da Biosfera Terras do Miño deberán de coordinar de forma efectiva as súas actuacións e proxectos, ao obxecto de lograr a consecución dos obxectivos da Reserva da Biosfera Terras do Miño, e daqueloutros de carácter sectorial ou local que contribúan á conservación dos recursos naturais e ao desenvolvemento sostible da Reserva da Biosfera, para que sexan compatibles cos obxectivos de conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

De igual modo, as políticas públicas deberán orientarse á optimización e implantación dos usos e aproveitamentos que sexan compatibles cos principios, obxectivos fixados no Programa Man & Biosphere, así como nas normativas e Plans de Acción que o desenvolven tanto a nivel internacional, español e galego.

Fomentarase a mellora da calidade de vida dos habitantes da Reserva da Biosfera mediante o impulso de medidas necesarias de dinamización e desenvolvemento sostible, dirixidas especialmente ás actividades relacionadas co uso público, o turismo, a agricultura, a gandería e a selvicultura.

As diferentes administracións públicas e axentes económicos promocionarán e fomentarán os produtos con denominación de orixe e/o selo de calidade, mediante apoios e incentivos á súa produción e/ou comercialización, prestando especial interese a aqueles de carácter artesanal, ás producións ecolóxicas e os que están ligados ao mantemento dos recursos naturais da Reserva da Biosfera.

Impulsaranse acordos entre o órgano de xestión da Reserva da Biosfera e outras administracións públicas, as universidades, os centros de investigación, os propietarios de terreos e as asociacións sen ánimo de lucro que promovan a consecución dos fins e obxectivos da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Potenciaríase a formación e capacitación dos axentes económicos locais, en especial do sector primario e do turismo no marco da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

1.5. Identificación das medidas para garantir a conectividade ecolóxica no ámbito territorial obxecto de ordenación

A Estratexia Europea de Infraestrutura Verde, así como a estratexia nacional (Orde PCM/735/2021, do 9 de xullo, pola que se aproba a Estratexia Nacional de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxica. BOE 166, 13/07/2021) e galega (Resolución do 8 de agosto de 2022, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, polo que se acorda someter a información pública e transparencia a Estratexia galega da infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas. DOG, 158, 22/08/2022), fixan os obxectivos e criterios básicos para garantir a conectividade ecolóxica. A Estratexia Galega establece unha zonificación do territorio que mostra no ámbito da Reserva da Biosfera Terras do Miño unha notable concordancia, de modo que as zonas núcleo da Reserva son consideradas como zonas núcleo na Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia. E igualmente os principais corredores ecolóxicos expostos na Estratexia galega identifícanse con zonas tampón da Reserva da Biosfera. En canto ás medidas para garantir a conectividade destas vincúlanse co mantemento nun estado de conservación favorable dos tipos de hábitats naturais e seminaturales do territorio, especialmente dos humidais, os corredores fluviais, as áreas boscosas e os queirogais. Resulta igualmente estratéxico a conservación da configuración e funcionamento dos agrosistemas tradicionais, e a implantación de medidas para mellorar a conectividade nos agrosistemas intensivos.

En canto á conectividade externa, a Reserva da Biosfera Terras do Miño atópase conectada con 4 Reservas da Biosfera: Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, Eo-Oscos e Terras de Burón, Ribeira Sacra, Ancares Lucenses) conformando en consecuencia unha área estratéxica para o conxunto das Reservas da Biosfera de Galicia e da Rexión Atlántica Española,

2 As Reservas da Biosfera e o Programa M&B

A Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO) promoveu en setembro de 1968 a celebración dunha "Conferencia Intergobernamental de Expertos sobre as Bases Científicas da Utilización Racional e a Conservación da Biosfera". Na reunión participou unha ampla representación de organizacións de Nacións Unidas e do sector científico mundial. Posteriormente, a UNESCO recolleu na Resolución 2.313 da súa XVI Conferencia Xeral (1970), a análise realizada polos expertos e as súas suxestións como base para xerar unha resposta aos grandes retos ambientais que se fixeron evidentes. O enfoque asumido consideraba que a saúde dos ecosistemas era o soporte imprescindible do futuro benestar da humanidade, e en consecuencia, decide iniciar un programa intergobernamental e interdisciplinario a longo prazo sobre o home e a biosfera, que consistirá esencialmente en estudar o conxunto da estrutura e do funcionamento da biosfera e das súas rexións ecolóxicas, en observar sistematicamente os cambios que produce o home na biosfera e os seus recursos, en examinar os efectos xerais dos devanditos cambios sobre a especie humana e en determinar o ensino que debe impartirse e a información que debe difundirse sobre estes temas.

O Programa Man & Biosphere (M&B) iniciouse en 1971, como un programa científico destinado a avaliar novos modelos na conservación dos recursos naturais, alternativos aos fixados nas Reservas Naturais e nos Parques. No ano 1976, a UNESCO recoñecía no marco do Programa M&B as primeiras Reservas da Biosfera. En 1983 celebrábase na cidade de Minsk a primeira Conferencia Internacional sobre Reservas da Biosfera organizado pola UNESCO que elaborou o primeiro Plan de Acción para as Reservas que foi aprobado en 1984 pola UNESCO. Poñendo de relevo a relevancia das reservas da biosfera no contexto dos 14 campos de actuación do Programa M&B, e a importancia de integrar a acción humana no enfoque da conservación. A práctica das reservas da biosfera presionaba para profundar no desenvolvemento conceptual desta figura, como algo máis que unha formulación científica e algo máis que un espazo protexido. Participaron máis de 250 científicos e expertos que identificaron como principais obxectivos para o futuro do M&B: mellorar e estender a Rede; desenvolver coñecementos para conservar

ecosistemas e biodiversidade, e incrementar a efectividade das Reservas da Biosfera en conectar conservación e desenvolvemento

Tras a celebración en Río do Cume da Terra (1992), a UNESCO organizou en 1995 en Sevilla unha segunda Conferencia Internacional sobre Reservas da Biosfera. Nesta segunda reunión internacional elabóranse dous documentos básicos, a Estratexia de Sevilla e O Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera, que foron aprobados nese mesmo ano polo Consello Internacional de Coordinación (CIC) do Programa M&B na súa seguinte reunión e adoptados pola Conferencia Xeral da UNESCO baixo a Resolución 28 C/2.4, en novembro de 1995 (sendo publicado en 1996).

A Estratexia de Sevilla constitúe a segunda versión do Plan de Acción do Programa M&B substituíndo ao Plan elaborado na Conferencia de Minsk (1983). A Estratexia de Sevilla define as directrices para adoptar para unha acción futura nos territorios designados como Reservas da Biosfera. A Estratexia de Sevilla recolle dez directrices fundamentais e catro obxectivos principais. Os obxectivos se desenvolven mediante outros obxectivos máis detallados e recomendacións aplicables a escala internacional, nacional e de reserva da biosfera. A Estratexia propón pasar dos conceptos, xa definidos con anterioridade, á acción no territorio. É tamén unha guía para desenvolver as funcións dunha Reserva da Biosfera sobre o terreo.

Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera

Artigo 1. Definición

As Reservas da Biosfera son zonas de ecosistemas terrestres ou costeiros/mariños, ou unha combinación dos mesmos, recoñecidas no plano internacional como tales no marco do Programa sobre o Home e a Biosfera (MAB) da UNESCO, de acordo co presente Marco Estatutario

Artigo 2.

1.- As Reservas da biosfera constituirán unha rede mundial, coñecida como Rede Mundial de Reservas da Biosfera, chamada en diante a Rede.

2.- A Rede constituirá un instrumento para a conservación da diversidade biolóxica e o uso sostible dos seus compoñentes, contribuíndo así a alcanzar os obxectivos do Convenio sobre a Diversidade Biolóxica e doutros acordos e instrumentos pertinentes.

3.- Cada Reserva da Biosfera quedará sometida á xurisdición soberana dos Estados en que estea situada. En virtude do presente Marco Estatutario, os Estados adoptarán as medidas que consideren necesarias, conforme á súa lexislación nacional.

Artigo 3. Funcións

1.- As Reservas da Biosfera, combinando as tres funcións que se expoñen a continuación, deberían procurar ser lugares de excelencia para o ensaio e a demostración de métodos de conservación e desenvolvemento sostible en escala rexional:

- Conservación.

  Contribuír á conservación das paisaxes, os ecosistemas, as especies e a variación xenética;
- Desenvolvemento.

  Fomentar un desenvolvemento económico e humano sostible desde os puntos de vista sociocultural e ecolóxico
- Apoio loxístico.

  Prestar apoio aos proxectos de demostración, de educación e capacitación sobre o medio ambiente e de investigación e observación permanente en relación con asuntos locais, rexionais, nacionais e mundiais de conservación e desenvolvemento sostible.

Táboa 2.1. Concepto de Reserva da Biosfera e funcións segundo o Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera.

O Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera define os conceptos básicos dunha Reserva da Biosfera, así como os requisitos que debe cumprir un territorio para que a súa solicitude sexa aceptada como parte da Rede Mundial e os procedementos para a súa designación. Tamén define o papel que xogan a Rede Mundial, as Subredes e a Secretaría do Programa M&B, ademais de implantar a necesidade de revisións periódicas, cada dez anos, relativas ao cumprimento dos requisitos para ser reserva da biosfera. Este documento é a guía dos compromisos que asumen os responsables dunha Reserva da Biosfera cando solicitan o seu nomeamento.

Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera

Artigo 4. Criterios

Os criterios xerais que ha de satisfacer unha zona para ser designada Reserva da Biosfera son os seguintes:

1.- Conter un mosaico de sistemas ecolóxicos representativo de rexións bioxeográficas importantes, que comprenda unha serie progresiva de formas de intervención humana.

2.- Ter importancia para a conservación da diversidade biolóxica.

3.- Ofrecer posibilidades de ensaiar e demostrar métodos de desenvolvemento sostible en escala rexional.

4.- Ter dimensións suficientes para cumprir as tres funciones das Reservas da Biosfera definidas no Artigo 3.5.

5.- Cumprir as tres funcións mencionadas mediante o seguinte sistema de zonación: (a) unha ou varias zonas núcleo xuridicamente constituídas, dedicadas aos obxectivos de conservación da Reserva da biosfera, de dimensións suficientes para cumprir tales obxectivos; (b) unha ou varias zonas tampón claramente definidas, circundantes ou limítrofes das zonas núcleo, onde só poidan ter lugar actividades compatibles cos obxectivos de conservación; (c) unha zona exterior de transición onde se fomenten e practiquen formas de explotación sostible dos recursos.

6.- Dispoñer de sistemas organizativos que faciliten a integración e participación dunha gama adecuada de sectores, entre outros autoridades públicas, comunidades locais e intereses privados no deseño e a execución das funcións da Reserva da Biosfera

7.- Tomar, ademais, medidas para dotarse de: (a) sistemas de xestión dos usos humanos e as actividades nas zonas tampón; (b) unha política ou plans de xestión para a zona na súa calidade de Reserva da Biosfera; (c) unha autoridade ou dispositivo institucional encargado de aplicar esa política ou eses plans; (d) programas de investigación, observación permanente, educación e capacitación

Táboa 2.2. Criterios que han de cumprir as Reservas da Biosfera segundo o Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera

Pasados 13 anos da Conferencia de Sevilla, o III Congreso Mundial de Reservas da Biosfera celebrado en Madrid, en febreiro de 2008, reuniu a máis de 800 especialistas e acordou o Plan de Acción de Madrid (2008-2013). A finalidade do Congreso era impulsar a aplicación dos obxectivos da Estratexia de Sevilla como unha ferramenta para abordar estratexicamente os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM). O Plan baseábase na Estratexia de Sevilla e orientábase a converter os principios globais do desenvolvemento sostible en prácticas locais apropiadas. O Plan de Acción de Madrid desagrega numerosas accións concretas ao redor de 31 obxectivos, dirixidas aos distintos axentes que interveñen no desenvolvemento do Programa M&B. Os Obxectivos do Plan de Acción de Madrid (2008-2013), resúmense en: 1.- Investigación, formación e demostración sobre as interaccións da conservación e o uso sostible dos recursos. 2.- As Reservas da Biosfera como lugares de aprendizaxe para resolver problemas específicos mediante a cooperación entre os distintos axentes implicados, públicos e privados. 3.- Reunión e difusión dos coñecementos proporcionados pola experiencia. 4.- Contribución á aparición de dinamizadores -coordinadores - xestores para tender pontes entre programas globais e o desenvolvemento local e nacional.

En marzo de 2016 celebrouse en Lima (Perú) o IV Congreso Mundial de Reservas da Biosfera, coa finalidade de elaborar un plan de acción que recollese as accións adecuadas para poñer en práctica a Estratexia 2015-2025, no contexto dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles (ODS). O resultado foi o Plan de Acción de Lima 2016-2025, froito das achegas e discusións de máis de mil representantes de 120 países, como guía para o manexo das Reservas da Biosfera nos próximos 10 anos.

Rede Española de Reservas da Biosfera

Figura 2.1. Rede Española de Reservas da Biosfera (Decembro-2022). Fonte: OAPN

Paralelamente á aprobación dos Plans de Acción da Rede Mundial de Reservas da Biosfera elaboráronse e aprobaron os Plans de Acción da Rede de Reservas da Biosfera de España. O primeiro, denominado Plan de Acción de Lanzarote estivo vixente entre 2007-2009, sendo substituído polo Plan de Acción do Montseny (2009-2013) e finalmente polo Plan de Acción de Ordesa-Viñamala (2017-2025)

3.1. Estatus legal da Reserva da Biosfera Terras do Miño

O Status legal da Reserva da Biosfera Mariñas Terras do Miño, está regulado de forma xeral pola normativa estatal sobre espazos naturais (Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007. Modificada pola Lei 33/2015, do 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 227, 22/09/2015. E pola Lei 7/2018, do 20 de xullo, de modificación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 176, 21/07/2018), que outorga ás Reservas da Biosfera da UNESCO o status de Áreas protexidas por instrumentos internacionais (art. 50.1.f). Consideración que se recolle igualmente na normativa galega sobre espazos protexidos (Lei 5/2019, do 2 de agosto, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia).

O artigo 70.a.1. da Lei 42/2007 establece que as Reservas da Biosfera deben conter: “Unha ou varias Zonas Núcleo da Reserva que sexan espazos naturais protexidos, ou LIC, ou ZEC, ou ZEPA, da Rede Natura 2000, cos obxectivos básicos de preservar a Diversidade Biolóxica e os ecosistemas, que conten co adecuado plan de ordenación, uso e xestión que potencie basicamente devanditos obxectivos”. A consideración de “Área Natural Protexida” dunha Reserva da Biosfera outórgalles a estas, e no seu caso ás distintas figuras que integra, dun status xurídico especial en relación con distintas normativas, como o Código penal (Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal BOE 281, 24/11/1995) e a normativa do solo de Galicia (Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. DOG 34, 19/02/2016), así como na lexislación básica sobre áreas naturais protexidas (Lei 42/2007 e Lei 5/2019).

3 O territorio da Reserva da Biosfera

A Reserva da Biosfera Terras do Miño foi declarada no ano 2002 pola UNESCO, o territorio da Reserva abarca unha superficie de máis de 360.000 ha, pertencentes á provincia de Lugo (Comunidade Autónoma de Galicia, España). Esta superficie distribúese entre 7 comarcas, 26 termos municipais e 531 parroquias. De Norte a Sur, os termos municipais forman parte da Reserva da Biosfera Terras do Miño son: Ourol (Comarca A Mariña Occidental), Alfoz, O Valadouro e Mondoñedo (Comarca A Mariña Central), Abadín, A Pastoriza, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba e Xermade (Comarca Terra Chá), Meira, Pol e Riotorto (Comarca de Meira), Castroverde, Friol, Guntín, Lugo, O Corgo, Outero de Rei e Rábade (Comarca de Lugo), Baralla (Comarca Os Ancares), Láncara e O Páramo (Comarca de Sarria). O conxunto destes termos constitúe a área de influencia socio-económica da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Na proposta de declaración da Reserva da Biosfera o territorio estruturouse sobre dúas áreas interconectadas; “Os paisaxes da auga” e a “Serra do Xistral”. Sobre estas unidades articulouse a zonificación e o propio límite da Reserva. Os paisaxes da auga inclúen os distintos corredores ecolóxicos fluviais que percorren desde a periferia montañosa a Reserva, e que albergan un complexo mosaico de hábitats naturais e seminaturais, con predominio de distintos tipos de humidais de augas correntes, augas estancadas e humidais higrófilos. A Serra do Xistral constitúe o elemento máis singular das Montañas Setentrionais de Galicia, que actúan de barreira entre os territorios litorais Cántabro-Atlánticos e o interior de Galicia. As características morfolóxicas, xeolóxicas e climáticas determinaron que nestas montañas consérvese un extenso e complexo mosaico de humidais de turbeira representado por distintos tipos de turbeiras activas (Turbeiras de Cobertor, Turbeiras Altas), así unha tamén importante superficie de q húmidos Atlánticos (*Erica mackaiana, Erica ciliaris, Ulex gallii*), cuxa distribución responde as vicisitudes ás modificacións de humidade que se produciron nestas montañas durante o Holoceno. A importancia destas dúas unidades determinou a designación de senllos espazos protexidos da Rede Natura 2000 (ZEC Parga-Ladra-Támoga, ZEC Serra do Xistral) que constitúen a maior parte das zonas núcleo da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Encadre xeográfico da Reserva da Biosfera



Figura 3.1. Encadre xeográfico da Reserva Terras do Miño en Europa e no NW da Península Ibérica

Encadre xeográfico da Reserva da Biosfera



Figura 3.2. Ámbito territorial e zonificación da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Fonte: OAPN

Axustes na zonificación da Reserva da Biosfera

Zonas	Declaración - 2002		Reaxuste - 2012		Reaxuste - 2023	
	Superficie	Porcentaje	Superficie	Porcentaje	Superficie	Porcentaje
Núcleo	35.505,1	9,8 %	35.501,85	9,76%	35.502,50	9,76%
Tampón	79.934,5	22,0 %	79.984,54	21,99%	79.982,44	21,99%
Transición	248229,3	68,2 %	248.262,34	68,25%	248.267,70	68,25%
Reserva	363.668,9	100.0 %	364.748,72	100,0%	363.752,65	100,00%

Tabla 3.1. Superficies (ha) consignadas na declaración da Reserva da Biosfera (2002) e valores tralos procedementos de reaxuste cartográfico realizados no ano 2012 e no 2023.

Datos actuais de superficies da Reserva da Biosfera (2023)

Zonas	Mariña	Terrestre	Total	%
Núcleo	-----	35.502,50	35.502,50	9,76%
Tampón	-----	79.982,44	79.982,44	21,99%
Transición	-----	248.267,70	248.267,70	68,25%
Reserva	-----	363.752,65	363.752,65	100,00%

Tabla 3.2. Superficies (ha) actuais da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Códigos e superficie municipal

Concellos		Códigos territoriais dos concellos: NUTS			INE	Inspire ID	Superficie (m2)
Abadín	⊙	ES1	ES11	ES112	27001	341227001	195.475.053,095390
Alfoz,	⊙	ES1	ES11	ES112	27002	341227002	77.484.784,848049
Baralla	●	ES1	ES11	ES112	27901	341227901	141.121.754,979658
Begonte	●	ES1	ES11	ES112	27007	341227007	126.727.827,741064
Castro de Rei	●	ES1	ES11	ES112	27010	341227010	176.903.237,046307
Castroverde	●	ES1	ES11	ES112	27011	341227011	174.094.441,346337
Corgo, O	●	ES1	ES11	ES112	27014	341227014	157.326.813,674237
Cospeito,	●	ES1	ES11	ES112	27015	341227015	144.435.571,803655
Friol	●	ES1	ES11	ES112	27020	341227020	292.122.841,043756
Guitiriz	●	ES1	ES11	ES112	27022	341227022	293.808.174,732921
Guntín,	●	ES1	ES11	ES112	27023	341227023	154.703.186,310687
Láncara	●	ES1	ES11	ES112	27026	341227026	121.564.536,719157
Lugo	●	ES1	ES11	ES112	27028	341227028	329.633.055,838066
Meira	⊙	ES1	ES11	ES112	27029	341227029	46.539.880,021112
Mondoñedo	⊙	ES1	ES11	ES112	27030	341227030	142.639.401,55704
Muras	⊙	ES1	ES11	ES112	27033	341227033	163.724,475,943514
Ourol	⊙	ES1	ES11	ES112	27038	341227038	142.001.864,806825
Outeiro de Rei	●	ES1	ES11	ES112	27039	341227039	134.135.310,298694
Páramo, O.	●	ES1	ES11	ES112	27043	341227043	74.771.665,772190
Pastoriza, A	●	ES1	ES11	ES112	27044	341227044	174.926.459,030010
Pol	⊙	ES1	ES11	ES112	27046	341227046	125.864.104,627618
Rábade	●	ES1	ES11	ES112	27056	341227056	5.168.965,375785
Riotorto	⊙	ES1	ES11	ES112	27054	341227054	66.313.377,307073
Valadouro, O	⊙	ES1	ES11	ES112	27063	341227063	110.497.026,713360
Vilalba	●	ES1	ES11	ES112	27065	341227065	380.561.338,956826
Xermade	●	ES1	ES11	ES112	27021	341227021	16.536.8035,983792

Superficie do termo municipal integrada totalmente na Reserva da Biosfera [●] dacordo co actual documento. Superficie do termo municipal intergrada parcialmente na Reserva da Biosfera [⊙]

Táboa 3.3. Configuración administrativa da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Datos: Instituto Nacional de Estatística (INE). Instituto de Estudos do Territorio (IET), Xunta de Galicia.

Na memoria declarativa da Reserva da Biosfera Terras do Miño, asígnase á mesma unha superficie de 363.688,9 ha, ocupando as zonas núcleo unha superficie de 35.505,1 ha (9,8%), as zonas tampón 79.934,5 ha (22,0%) e as zonas de transición 248.229,3 ha (68,2%). Dos 26 termos municipais que forman parte da Reserva, 15 inclúen o 100% da súa superficie, mentres que noutros 11 non se incorpora a totalidade da superficie municipal, incluíndo neste grupo a 4 termos cunha inclusión superior ao 90%, 6 termos na que a superficie incluída oscila entre 70-20% e un termo municipal, Riotorto, onde soamente se incorpora o 7% da superficie municipal.

Configuración territorial da Reserva da Biosfera Terras do Miño

Concellos	Superficie Municipal (km²) Concello	Incluído	%Incld		Xustes técnicos de límites (2012)	
Abadín	196,0	191,1	97,5%	⊙	Sen cambios: Área exterior non incluída	⊙
Alfoz	77,5	24,1	30,7%	⊙	Sen cambios: Área exterior non incluída	⊙
Baralla	141,2	138,4	98,0%	⊙	Reaxuste de límite con outras Reservas	●
Begonte	127,0	127,0	100,0%	●	Sen cambios	●
Castro de Rei	177,0	177,0	100,0%	●	Sen cambios	●
Castroverde	174,2	166,0	94,0%	⊙	Reaxuste de límite con outras Reservas	●
Corgo, O	158,0	158,0	100,0%	●	Sen cambios	●
Cospeito	144,8	144,8	100,0%	●	Sen cambios	●
Friol	292,3	292,3	100,0%	●	Reaxuste de límite con outras Reservas	●
Guitiriz	293,7	293,7	100,0%	●	Reaxuste de límite con outras Reservas	●
Guntín	156,0	156,0	100,0%	●	Sen cambios	●
Láncara	121,7	121,7	100,0%	●	Reaxuste de límite con outras Reservas	●
Lugo	329,8	329,8	100,0%	●	Sen cambios	●
Meira	46,5	30,1	65,0%	⊙	Sen cambios	⊙
Mondoñedo	142,7	34,8	24,5%	⊙	Sen cambios: Área exterior non incluída	⊙
Muras	163,8	113,0	68,6%	⊙	Sen cambios: Área exterior non incluída	⊙
Ourol	142,1	30,1	21,3%	⊙	Sen cambios: Área exterior non incluída	⊙
Outeiro de Rei	134,2	134,2	100,0%	●	Sen cambios	●
Páramo, O	74,8	74,8	100,0%	●	Sen cambios	●
Pastoriza, A	175,0	175,0	100,0%	●	Reaxuste de límite con outras Reservas	●
Pol	125,9	118,5	94,2%	⊙	Sen cambios: Área exterior non incluída	⊙
Rábade	5,2	5,2	100,0%	●	Sen cambios	●
Riotorto	66,3	5,3	8,0%	⊙	Sen cambios: Área exterior non incluída	⊙
Valadouro, O	110,5	50,1	45,4%	⊙	Sen cambios: Área exterior non incluída	⊙
Vilalba	379,0	379,0	100,0%	●	Sen cambios	●
Xermade	166,6	166,6	100,0%	●	Reaxuste a límites provinciais	●
Total	4.121,8	3.636.6	88,2%			

Superficie do termo municipal integrada totalmente na Reserva da Biosfera [●]. Superficie do termo municipal intergrada parcialmente na Reserva da Biosfera [⊙]

Táboa 3.4.- Superficie municipal e superficie incluída na Reserva da Biosfera Terras do Miño segundo a memoria de declaración (2002) e axustes cartográficos levados a cabo ata o 2012.

Trala declaración da Reserva da Biosfera Terras do Miño publicáronse distintos reaxustes dos límites municipais que obrigaron a reaxustar lixeiramente a superficie da Reserva. Un segundo tipo de adaptación produciuse a medida que foron declaradas outras Reservas da Biosfera que entraban en contacto coa de Terras do Miño (Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, Reserva da Biosfera del Río Eo, Oscos e Terras de Burón; Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel), o que obrigou de novo a reaxustar os límites. No ano 2012 elaborouse un informe técnico aclarando esta situación e xerando unha cartografía en formato dixital a maior resolución para os límites da Reserva da Biosfera Terras do Miño e das unidades de zonificación (Ramil-Rego et al. 2012). Acorde con estes axustes dos 26 termos que forman parte da Reserva, 17 inclúense de forma completa, representando unha superficie de 304.697,31 ha. Mentres que noutros 9 termos municipais soamente se inclúe unha parte da área municipal, representando o conxunto das súas superficies na Reserva un valor

Na Reserva da Biosfera Terras do Miño cohabitan distintos tipos de explotacións agrícolas, desde explotacións tradicionais, de carácter familiar, nas que o policultivo ten aínda un peso importante, orientado á provisión de alimentos para autoconsumo humano ou para a alimentación do gando da propia explotación familiar. Fronte a explotacións en réxime de cooperativa, ou grandes explotacións privadas, centradas á obtención de determinados cultivos (forraxe, cereais, patacas ou cultivos hortícolas) para a súa venda en mercados ou a industriais específicos. Os produtos agrarios deixaron de ser produtos do consumo para converterse en materias primas das diversas ramas da industria agroalimentaria, que elaboran unha ampla gama de alimentos, de mobles e doutros produtos derivados da madeira, como o papel. Por iso, a súa competitividade a nivel de consumo depende das sucesivas fases de actividades encadeadas da produción, comercialización e transformación.

Explotacións agrícolas e gandeiras

	Explotacións Agrícolas			Explotacións Gandeiras				
Concellos	Total	SAU	NSAU	Total	Bov	Ov-Cp	Porc	Aves
Abadín	575	572	3	707	315	184	81	127
Alfoz	272	271	1	207	110	47	36	14
Baralla	450	444	6	497	223	152	105	17
Begonte	341	333	8	233	106	58	29	40
Castro de Rei	703	696	7	521	304	103	52	62
Castroverde	558	548	10	296	235	55	--	6
Corgo, O	569	561	8	389	267	76	32	14
Cospeito	759	748	11	530	296	88	128	18
Friol	731	715	16	796	417	166	151	62
Guitiriz	615	600	15	508	340	60	84	24
Guntín	585	582	3	438	266	61	87	24
Láncara	440	434	6	479	291	41	122	25
Lugo	1056	1033	23	763	494	124	99	46
Meira	142	138	4	106	63	26	12	5
Mondoñedo	486	478	8	332	207	83	25	17
Muras	212	206	6	178	138	16	19	5
Ourol	221	217	4	121	83	20	12	6
Outeiro de Rei	459	448	11	296	172	70	37	17
Páramo, O.	288	287	1	249	152	35	49	13
Pastoriza, A	626	611	15	585	382	127	62	14
Pol	324	319	5	237	169	43	17	8
Rábade	10	9	1	--	--	4	--	4
Riotorto	206	204	2	94	66	18	5	5
Valadouro, O	223	220	3	189	111	54	19	5
Vilalba	1372	1358	14	1056	581	155	272	48
Xermade	379	376	3	255	179	37	26	13
Reserva	12602	12408	194	3233	937	1903	322	71
Lugo provincia	54208	49865	4343	20101	11150	3839	2958	2154
Galicia	270053	240836	29217	52.483	28283	10575	6902	6723

Explotacións agrícolas: Número de explotacións agrícolas [Total]. Número de explotacións con Superficie Agraria Útil [SAU]. Número de explotacións sen Superficie Agraria Útil [NSAU]. Explotacións gandeiras: Número de explotacións bovinas [Bov], ovi-cápridos [Ov-Cp], porcinas [Porc] e de aves [Aves].

Táboa 5.15.- Número de explotacións agrícolas e gandeiras na Reserva da Biosfera Terras do Miño.

As 12.602 explotacións agrícolas da Reserva da Biosfera representan o 23,24% das existentes na provincia de Lugo e o 4,63% das rexistradas na Comunidade Autónoma de Galicia. Mentres que as 3.234

explotacións gandeiras representan o 16,08% das explotacións provinciais e o 6,16% das rexistradas en Galicia. A produción de vacún oriéntase tanto á produción de leite como de produtos cárnicos.

Nas táboas adxuntas móstranse os datos a nivel municipal para a área de influencia socio-económica da Reserva da Biosfera, referidos ao número de explotacións agrarias e gandeiras, así como os datos de explotacións agrícolas con superficie agraria útil (SAU) e sen superficie agraria útil (NSAU), achegando ademais información sobre os principais grupos de cultivos e aproveitamentos agrícolas, así como referidos ao tipo de cabana gandeira. Dentro desta é rechamante a falta de información nos censos agrarios da cabana referidas ás cabezas de gando cabalar. Esta última cabana gandeira está documentada no territorio da Reserva da Biosfera de Terras do Miño desde a Idade Media e durante moitos séculos constituíu un elemento básico no mantemento das explotacións gandeiras, especialmente na área de montaña.

Distribución da SAU segundo o tipo de aproveitamento

Concellos	Labradíos		Leñosas		Pastos		Hortas		Invernadeiro	
	nº	ha	nº	ha	nº	ha	nº	ha	nº	ha
Abadín	471	852	27	9	581	8.076	344	11	9	0
Alfoz	85	441	9	8	148	1.460	76	2	1	0
Baralla	264	453	166	169	427	3.989	235	4	3	0
Begonte	140	458	27	84	206	1.678	105	3	5	2
Castro de Rei	381	4.621	29	48	616	4.525	278	6	5	1
Castroverde	267	1.541	37	39	396	4.807	248	5	6	1
Corgo, O	334	1.012	56	26	415	4.306	193	5	8	1
Cospeito	437	2.603	33	14	553	5.633	329	6	11	5
Friol	427	1.551	82	36	670	8.386	308	9	12	1
Guitiriz	437	1.621	42	20	456	7.019	269	8	12	2
Guntín	331	2.440	122	69	395	3.928	264	7	10	1
Láncara	304	932	107	50	350	5.605	174	4	2	0
Lugo	706	3.534	84	65	788	6.456	410	10	17	4
Meira	68	292	10	3	97	988	40	1	3	0
Mondoñedo	252	376	24	8	345	3.160	177	5	21	2
Muras	108	94	6	13	172	4.716	54	1	1	0
Ourol	79	75	16	4	162	1.856	76	2	1	0
Outeiro de Rei	195	953	87	30	485	2.657	138	4	10	1
Páramo, O.	171	861	96	28	205	2.837	115	3	3	0
Pastoriza, A	392	3.870	22	9	566	7.411	282	6	7	0
Pol	208	2.474	33	48	232	2.545	116	3	6	1
Rábade	5	24	1	1	5	28	1	0	2	0
Riotorto	63	333	4	1	117	1.075	56	1	4	0
Valadouro, O	85	110	16	8	196	3.650	54	2	7	1
Vilalba	915	2.566	60	13	1.251	10.384	456	10	14	0
Xermade	192	651	26	47	232	3.853	108	3	13	1
Reserva	7.317	34.738	1.222	850	10.066	111.028	4.906	121	193	24
Provincia	706	57.820	84	4.166	788	220.194	410	295	17	47

Superficie agraria útil (SAU), valores en hectáreas (ha) e porcentaxe da SAU con respecto á superficie total do termo municipal. Distribución da SAU segundo o tipo de aproveitamento: Labradíos (Labradíos). Cultivo de plantas leñosas (Leñosas). Pastos, prados e pasteiros (Pastos). Hortas (Horta). Cultivo en invernadoiro e outros cultivos intensivos (Invernadeiro).

Táboa 5.16. Superficie agraria útil (SAU) nos termos municipais da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Fonte: IGE a partir dos datos do Censo Agrario 2020.

O gando extensivo en semiliberdade, especialmente o equino, pode ser un elemento positivo na xestión e conservación de determinados territorios, a condición de que non se supere a capacidade de carga ecolóxica do mesmo, un aspecto que lamentablemente se está producindo en numerosos terreos da montaña galega, e especialmente na Serra do Xistral, onde un manexo inadecuado está a afectar de forma negativa á conservación das turbeiras e dos queirogais húmidos, efectos negativos que se suman a unha progresiva redución da súa superficie e sobre todo da alteración da súa cobertura mediante rozas mecanizadas.Outro elemento que caracteriza a dinámica dos agrosistemas no Territorio de Terras do Miño, é o abandono dos modelos de explotación tradicional que conformaron o "Agrosistema tradicional" para ser reemprazados por modelos máis intensivos, nos que se incorpora maquinaria pesada, increméntanse as achegas de fertilizantes e o uso de biocidas, á vez que se abandonan os ecotipos tradicionais, tanto agrícolas e gandeiros, e se reemprazan por outros de orixe máis recente obtidos en programas de selección e mellora. O desequilibrio e a escasa resiliencia que mostran os "Agrosistemas intensivos" é aproveitada por distintas especies exóticas para establecerse e expandirse territorialmente, mostrando comportamentos característicos de especies exóticas invasoras.

Número e tamaño de explotacións agrarias

Concello	Explt Total	Explt SAU	Distribución das explotacións con SAU <5 ha	≥5 <10	≥10 <20	≥2 <50	≥50 ha	Explt NSAU
Abadín	575	572	222	104	106	104	36	3
Alfoz	272	271	185	35	26	21	4	1
Baralla	450	444	144	87	125	76	12	6
Begonte	341	333	211	57	36	26	3	8
Castro de Rei	703	696	289	135	136	111	25	7
Castroverde	558	548	222	116	130	65	15	10
Corgo, O	569	561	220	143	119	73	6	8
Cospeito	759	748	394	127	126	87	14	11
Friol	731	715	228	140	180	151	16	16
Guitiriz	615	600	213	94	140	127	26	15
Guntín	585	582	230	107	143	88	14	3
Láncara	440	434	121	66	135	104	8	6
Lugo	1056	1033	476	191	204	137	25	23
Meira	142	138	67	19	28	21	3	4
Mondoñedo	486	478	319	60	54	35	10	8
Muras	212	206	43	31	39	72	21	6
Ourol	221	217	129	32	23	29	4	4
Outeiro de Rei	459	448	245	101	57	31	14	11
Páramo, O.	288	287	78	63	92	47	7	1
Pastoriza, A	626	611	160	109	137	176	29	15
Pol	324	319	117	43	59	84	16	5
Rábade	10	9	4	1	1	2	1	1
Riotorto	206	204	113	33	26	28	4	2
Valadouro, O	223	220	139	16	21	35	9	3
Vilalba	1372	1358	742	292	192	113	19	14
Xermade	379	376	164	64	62	61	25	3
Reserva	12602	12408	5475	2266	2397	1904	366	194
Provincia	25458	25075	11472	4339	4685	3863	711	383

Número total de explotacións agrícolas [Explt]. Número total de explotacións con superficie agraria útil [Explt SAU]. Número de explotacións con SAU en función do tamaño da explotación expresado en ha [Distribución das explotacións con SAU]. Número de explotacións agrícolas sen SAU [NSAU].

Táboa. 5.17. Número e tamaño de explotacións agrarias nos termos municipais da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Fonte: Datos IGE, 2009

Explotacións gandeiras na Reserva da Biosfera Terras do Miño

Municipios	Bovinos		Ovino-Caprino		Porcino		Aves	
	Cabezas	UGT	Cabezas	UGT	Cabezas	UGT	Cabezas	UGT
Abadín	11.702	8.419	1.714	171	242	71	11.620	86
Alfoz	2.315	1.702	877	88	137	36	7.515	53
Baralla	6.982	4.814	869	87	2.198	651	242	3
Begonte	2.948	2.140	764	76	1.204	359	52.408	372
Castro de Rei	23.087	17.650	1.246	125	2.677	800	344.033	2.413
Castroverde	11.348	8.880	976	98	0	0	38.625	1.156
Corgo, O	8.474	6.057	1.225	123	5.265	1.450	230.739	4.205
Cospeito	16.365	12.392	1.414	141	1.407	369	958	9
Friol	18.653	12.957	2.372	237	3.646	1.168	1.108.629	13.141
Guitiriz	16.235	12.421	1.336	134	11.760	3.413	138.198	968
Guntín	14.619	11.584	1.403	140	3.431	1.032	139.126	1.209
Láncara	12.760	9.277	888	89	8.148	2.425	335.334	5.798
Lugo	18.472	13.915	1.757	176	4.146	980	372.362	3.363
Meira	3.039	2.428	646	65	73	16	90.036	630
Mondoñedo	5.130	3.644	755	75	140	35	977	11
Muras	7.008	4.509	215	22	9.921	3.058	29.281	205
Ourol	2.375	1.649	315	32	46	12	70	1
Outeiro de Rei	5.262	4.110	1.205	121	191	38	37.865	266
Páramo, O.	8.436	6.467	644	64	5.864	1.553	129.846	1.406
Pastoriza, A	27.444	21.271	1.741	174	1.975	580	120	1
Pol	12.239	9.776	1.233	123	2.485	646	112.994	791
Rábade	0	0	38	4	0	0	0	0
Riotorto	2.589	1.981	779	100	5.972	1.704	114	1
Valadouro, O	3.589	2.590	732	73	39	13	33	0
Vilalba	18.044	13.156	1.729	173	1.304	355	83.977	636
Xermade	8.548	6.420	629	63	64	21	16.122	225
Reserva	267.663	200.209	27.502	2.774	72.335	20.785	3.281.224	36.949
Lugo	477.247	353.207	62.162	6.216	254.777	69.685	6.473.339	72.898

Táboa 5.18. Número de explotacións gandeiras indicando cabezas de gando e unidades gandeiras totais (UXT). Datos tomados do IGE elaborados a partir do Censo Agrario 2020.

Explotacións gandeiras na Reserva da Biosfera Terras do Miño

Figura 5.12. Cabalos nunha turbeira alta da Serra do Xistral (Abadín, Lugo).

Máis do 30% da superficie da Reserva da Biosfera posúe carácter forestal e unha parte significativa desta atópase integrada dentro das áreas naturais protexidas que foron declaradas en aplicación da normativa europea, nacional e autonómica. Os diferentes montes da Reserva poden ser de titularidade pública, privada ou montes privados de uso público. Este último tipo merece unha especial atención por ser unha forma de organización característica do Norte de España, sobre todo de Galicia e Asturias, coñecida como "Montes veciñais en Man Comúm, MVMC" (Lei 55/1980, do 11 de novembro, de montes veciñais en man común. BOE 280, 21/11/1980. Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común. DOG 202, 20/10/1989). Os límites entre os distintos tipos de explotacións (públicas, privadas, comunais), foi obxecto dunha continua controversia, agudizada pola dificultade de dispoñer dunha base cartográfica fiable. Iso dificulta a xestión dos montes e especialmente dos MVMC, chegando a xerar conflitos entre diferentes comunidades, así como entre comunidades e particulares. A pesar diso, unha parte importante dos montes veciñais teñen convenios ou consorcios coa administración autonómica, que lle permiten o coidado, mantemento das plantacións e posterior explotación.

No uso forestal conviven actuacións desenvolvidas polos propietarios privados e pola administración. As explotacións privadas restrínxense, na maioría dos casos, a áreas de pequena superficie na que se manteñen os métodos tradicionais de explotación que facilitan a persistencia das especies nativas. Aínda que algunhas zonas tras as cortas de vexetación nativa introducíronse especies alóctonas como chopos (*Populus nigra*), carballos americanos (*Quercus rubra*), piñeiro de Oregón (*Pseudosutga menziesii*), piñeiros (*Pinus pinaster, Pinus sylvestris, Pinus radiata*) e o eucalipto (*Eucalyptus globulus, Eucalyptus nitens*). As actuacións promovidas pola administración forestal inciden sobre grandes superficies establecendo na maioría dos casos plantacións monoespecíficas e monoestrato de especies exóticas ou de especies extintas en estado silvestre.

❖ Sector industrial.

Galicia segue sendo un territorio eminentemente rural. Inclúe varias áreas con máis de 3.000 traballadores no sector industrial, entre elas inclúese a Comarca de Lugo, a única que alcanza este valor no conxunto da provincia, aínda que moi afastada dos valores de poboación vinculada co sector industrial que se rexistran en distintas comarcas da provincia da Coruña e Pontevedra. O sector industrial está moi ligado na Reserva da Terras do Miño á valoración dos recursos naturais, predominando as empresas relacionadas coa industria da alimentación (fabricación de produtos de panadería e pastas alimenticias; procesado e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos; fabricación de produtos lácteos; fabricación de produtos para a alimentación animal; fabricación doutros produtos alimenticios; procesado e conservación de froitas e hortalizas), así como as destinadas á fabricación de produtos metálicos, industria da madeira (fabricación de produtos de madeira, aserrado e cepillado da madeira), fabricación de produtos minerais non metálicos, reparación e instalación de maquinaria e equipo, fabricación de mobles artes gráficas e reprodución de soportes gravados, fabricación de bebidas, fabricación de maquinaria etc.

A enerxía que se consome no territorio da Reserva da Biosfera procede tanto de instalacións situadas dentro da mesma, como de enerxía importada desde outros territorios. O balance enerxético mostra a importante dependencia das fontes externas e especialmente as relacionadas cos combustibles fósiles (gasolina, gasoil, gas). En canto á produción interna de enerxía, os últimos datos divulgados polo Instituto Enerxético de Galicia refírense a setembro de 2022, e evidencian a importancia que adquire a xeración de enerxía eólica no ámbito da Reserva da Biosfera, onde se atopan en funcionamento 28 Parques Eólicos, a maioría deles supramunicipais, cunha potencia instalada de 439.880 kw, aos que habería que unir outros 6 Parques Eólicos distribuídos entre o límite da Reserva coa provincia da Coruña, que suman unha potencia de 115.400 kw, polo que o conxunto dos 34 Parques Eólicos supón unha potencia instalada de 555.280 kw.

Parques eólicos na Reserva da Biosfera Terras do Miño

Figura 5.13. Fotografía aérea da Serra do Xistral (Zona núcleo da Reserva da Biosfera Terras do Miño), onde se construíron distintos parques eólicos sobre humidais de montaña (Turbeiras de cobertor activas, Queirogais húmidos, Turbeiras altas activas, etc).

Produción de enerxía na Reserva da Biosfera Terras do Miño

Concellos	Eólica	Solar		Minihidraúlica		Biogás	
	Aerox	Inst	kw	Inst	kw	Inst	kw
Abadín	198	2	42,6	--	--	--	--
Alfoz	35	--	--	1	750	--	--
Baralla	--	2	39,9	--	--	--	--
Begonte	--	--	--	--	--	--	--
Castro de Rei	--	3	47,9	--	--	--	--
Castroverde	24,5	11	111,9	--	--	--	--
Corgo, O	--	5	45,3	--	--	--	--
Cospeito	--	12	172,5	--	--	1	50
Friol	33	3	50,00	--	--	--	--
Guitiriz	39	4	174,6	--	--	--	--
Guntín	--	20	1750,3	--	--	--	--
Láncara	--	1	7,0	2	185	--	--
Lugo	--	22	299,3	--	--	--	--
Meira	30	1	20,0	1	250	--	--
Mondoñedo	39	--	--	--	--	--	--
Muras	381	--	--	3	4.060	--	--
Ourol	156,5	1	8,0	1	1.140	--	--
Outeiro de Rei	--	9	174,7	4	15.340	--	--
Páramo, O.	4	0	--	--	--	--	--
Pastoriza, A	5	2	25,0	--	--	--	--
Pol	4,5	14	176,0	--	--	--	--
Rábade	--	--	--	--	--	--	--
Riotorto	2,5	--	--	--	--	--	--
Valadouro, O	120	--	--	--	--	--	--
Vilalba	129	17	607,9	--	--	--	--
Xermade	43,5	1	19,8	--	--	--	--
Reserva	1.244,5	130	3.772,7	13	22.164	1	50
Provincia	1.602,5	283	6.202,0	28	39.373	1	50
Galicia	4.026,0	806	17.764,0	113	323.471	12	100.934

Produción de enerxía [Eólica], [Solar], [Minihidraúlica], [Biogás], Número Instalacións [Inst] e de aeroxeradores instalados [Aerox] segundo o Observatorio Eólico de Galicia. Potencia instalada en quilowatts [kw] segundo o Instituto Galego de Estatística.

Táboa 5.19.- Potencia enerxética instalada nos termos municipais que conforman a Reserva da Biosfera Terras do Miño. Fonte: Observatorio Eólico de Galicia (Datos ano 2019), e o Instituto Galego de Estatística (Rexistro de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica. Datos 09/2022).

A potencia instalada nos Parques Eólicos situados na área de influencia socio-económica da Reserva da Biosfera representa o 72,96% da potencia eólica instalada na provincia de Lugo (493.380 kw en 32 Parques Eólicos situados exclusivamente na provincia de Lugo, 139.600 kw en 7 Parques compartidos con municipios da provincia da Coruña, e 128.000 kw en 4 Parques compartidos coa provincia de Pontevedra, que suman 760.980 kw) e o 14,13% da potencia instalada en Galicia (3.878.171 kw),

Segundo os datos divulgados polo Observatorio Eólico de Galicia, no ámbito socioeconómico da Reserva da Biosfera Terras do Miño, estaban instalados e operativos no ano 2019 máis de 1.240 aeroxeradores, a maioría dos cales se sitúan dentro da Zona Núcleo (ZEC Serra do Xistral). O número de aeroxeradores incluídos en Terras do Miño representa o 77,65% dos aeroxeradores existentes na provincia de Lugo e o 30,91% dos existentes na Comunidade Autónoma de Galicia. Os cinco concellos con máis número de aeroxeradores en funcionamento son Muras (381), Abadín (198), Ourol (156,5), Vilalba (129) e O Valadouro (120).

O número de instalacións de enerxía solar foise incrementando nos últimos anos, rexistrándose 130 instalacións nos concellos de configuran a Reserva da Biosfera, un dato elevado se se compara co total provincial (Lugo, 283) ou co resto de Galicia (A coruña, 253. Lugo, 283. Ourense, 97. Pontevedra, 173), representado a potencia instalada na Reserva da Terras do Miño, o 60,3% da potencia instalada na provincia de Lugo e o 21,23% da potencia instalada en Galicia.

❖ Sector construción

O sector da construción está pouco desenvolvido no ámbito da Reserva da Biosfera, dando emprego a unha porcentaxe moi pequena da poboación activa. A actividade está desempeñada na maioría dos casos por autónomos que desenvolven a súa actividade de forma temporal, principalmente na primavera e o verán, cando as condicións climáticas máis favorables permiten executar as obras. As empresas están pouco especializadas, levando a cabo na maioría dos casos traballos derivados da construción e do arranxo establecemento e/ou mantemento de instalacións eléctricas, auga ou gas, de novo vinculadas coas construcións rurais e as súas explotacións.

❖ Sector servizos

Este sector económico rexistra un progresivo aumento nos termos municipais que conforman a Reserva da Biosfera desde mediados do século XX, de modo que na actualidade é o sector dominante, tanto en número de persoas como porcentualmente nos distintos termos municipais da Reserva, alcanzándose os valores máximos de poboación activa dedicada a este sector nos concellos de Lugo e Vilalba.

Na capital provincial e nas principais capitais municipais da Reserva da Biosfera Terras do Miño, sitúanse a maior parte das instalacións (servizos médicos, educativos, administrativos, establecementos comerciais, etc) que presentan servizos á poboación que vive na Reserva, configurándose estas contornas urbanas, como dadores de servizos públicos e privados tanto a nivel local, como para unha área de influencia socioeconómica eminentemente rural.

Subsector comercio

Ata o comezo da década dos noventa o comercio na Reserva da Biosfera Terras do Miño era fundamentalmente minorista, con empresas medianas ou pequenas de carácter familiar que empregaban ao 14-20% da poboación ocupada. A partir desta data prodúcese a instalación en Lugo, de grandes centros comerciais, á vez que, nas principais capitais, instálanse delegacións e sucursais de importantes cadeas comerciais. O funcionamento destes establecementos contribúe a incrementar a atracción comercial da capital provincial, e da capital dos principais termos municipais (Vilalba, Castro de Rei, Outeiro de Rei), mentres que se reducen os establecementos nas áreas máis afastadas, onde persiste un comercio non especializado que tenta ofertar aos seus clientes locais os produtos máis básicos e cotiáns.

Subsector turismo

O turismo é considerado como un dos sectores económicos de gran potencial e en auxe na zona de influencia socioeconómica da Reserva da Biosfera Terras do Miño. A estrutura actual do sector mestura establecementos de carácter tradicional con outros máis modernos. Na área rural, mantéñense un importante número de pequenos establecementos que ofrecen distintos servizos, que en moitos casos cobren os propios das cafeterías, restaurantes e pensións, aínda que tamén son numerosos os que ofrecen unicamente un ou dous destes servizos, establecementos que se nutren maioritariamente da clientela local e/ou da que presta distintas actividades no medio rural (traballadores na construción e mantemento de infraestruturas e explotacións, traballadores do sector servizos, etc). Son negocios explotados en réxime familiar que se mantiveron en moitos casos activos durante dous ou máis xeracións. Estes establecementos teñen ademais unha gran importancia como lugar de encontro social no ámbito rural.

Establecementos hoteleiros e turísticos

Número de establecementos

Concellos	H	P	AB	TR	CT	AT	VT	VU	Total
Abadín	--	2	4	--	--	--	--	2	6
Alfoz	1	--	--	1	--	--	5	7	14
Baralla	--	2	--	--	--	--	--	7	9
Begonte	--	4	1	--	--	--	1	2	8
Castro de Rei	--	1	--	--	--	1	--	3	5
Castroverde	--	1	2	2	--	--	--	2	7
Corgo, O	2	1	--	1	--	--	1	1	6
Cospeito	--	1	--	2	--	1	--	5	9
Friol	2	2	4	--	--	--	2	6	16
Guitiriz	1	5	1	1	1	--	--	5	14
Guntín	--	3	2	--	--	1	--	3	9
Láncara	--	--	--	1	--	1	--	1	3
Lugo	18	21	10	2	1	8	--	193	253
Meira	--	2	--	2	--	--	1	--	5
Mondoñedo	1	7	2	3	--	1	--	20	33
Muras	--	--	--	--	--	--	--	1	1
Ourol	--	--	--	2	--	--	--	1	3
Outeiro de Rei	1	3	--	2	--	--	--	2	8
Páramo, O.	--	--	--	1	--	--	--	10	11
Pastoriza, A	1	2	--	1	--	--	--	1	4
Pol	--	1	--	--	--	--	--	2	3
Rábade	1	--	--	--	--	--	--	--	1
Riotorto	--	--	--	--	--	1	--	3	4
Valadouro, O	1	2	--	--	--	--	--	7	10
Vilalba	5	9	4	--	--	1	--	14	33
Xermade	--	2	--	1	--	--	1	7	11
Reserva	34	71	30	22	2	15	11	305	490
Total Provincia	131	292	162	140	21	85	42	2.363	3.236

Establecementos turísticos e hostaleiros: Hoteis [H]. Pensións [P]. Albergues turísticos [AB], Turismo rural [TR], Campamentos de turismo [CT]. Apartamentos turísticos [AT]. Vivendas turísticas [VT]. Vivendas de uso turístico [VU].

Táboa 5.20.- Número de establecementos hostaleiros e turísticos existentes nos termos municipais da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Fonte: IGE (Datos do ano 2023).

O auxe do Camiño de Santiago, do turismo rural e natural, propiciou a creación no ámbito da Reserva da Biosfera Terras do Miño de distintos establecementos que se foron adaptando ás novas demandas do sector. Segundo os datos recompilados polo Instituto Galego de Estatística o territorio da Reserva da

Biosfera Terras do Miño, conta no ano 2023, con 490 establecementos que representan o 15,14% dos establecementos da provincia de Lugo. A maioría dos establecementos, e especialmente os de maior capacidade (número de habitacións, número de prazas), concéntranse nos termos municipais de Lugo, Vilalba e Mondoñedo, reducíndose o seu número nos concellos de menor entidade poboacional. Entre os hoteis que operan na Reserva da Biosfera Terras do Miño, inclúese un Parador de Turismo (Vilalba), e nove hoteis de 4 estrelas (1 Vilalba, 7 en Lugo, 1 en Rábade). Tres dos hoteis da Reserva ofertan servizos de balneario e un deles posúe instalacións de golf.

Establecementos hostaleiros e turísticos

Número de habitacións

Concellos	H	P	AB	TR	CT	AT	VT	VU	Total
Abadín	--	21	19	--	--	--	--	8	48
Alfoz	11	--	--	4	--	--	4	23	42
Baralla	--	16	--	--	--	--	--	26	42
Begonte	--	42	--	--	--	--	3	3	48
Castro de Rei	--	5	--	--	--	--	--	7	12
Castroverde	--	9	3	16	--	--	--	6	34
Corgo, O	46	5	--	9	--	--	10	3	73
Cospeito	--	8	--	15	--	6	--	22	51
Friol	16	17	8	--	--	--	4	21	66
Guitiriz	16	38	1	6	32	--	--	19	112
Guntín	--	22	9	--	--	--	--	10	41
Láncara	--	--	--	10	--	--	--	3	13
Lugo	888	314	44	14	--	110	--	458	1.828
Meira	--	9	--	14	--	--	3	--	26
Mondoñedo	17	77	2	19	--	40	--	52	207
Muras	--	--	--	--	--	--	--	4	4
Ourol	--	--	--	20	--	--	--	5	25
Outeiro de Rei	32	65	--	15	--	--	--	8	120
Páramo, O.	--	--	--	7	--	--	--	18	25
Pastoriza, A	6	22	--	6	--	--	--	2	36
Pol	--	4	--	--	--	--	--	5	9
Rábade	40	--	--	--	--	--	--	--	40
Riotorto	--	--	--	--	--	7	--	8	15
Valadouro, O	18	19	--	--	--	--	--	22	59
Vilalba	137	137	6	--	--	4	--	55	339
Xermade	--	17	--	10	--	--	4	22	53
Reserva	1.227	847	92	165	32	167	28	810	3.368
Total provincia	3.515	2.660	688	927	1.253	639	97	6.154	15.933

Establecementos turísticos e hostaleiros: Hoteis [H]. Pensións [P]. Albergues turísticos [AB], Turismo rural [TR], Campamentos de turismo [CT]. Apartamentos turísticos [AT]. Vivendas turísticas [VT]. Vivendas de uso turístico [VU].

Táboa 5.21.- Número de habitacións nos establecementos hostaleiros e turísticos existentes nos termos municipais da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Fonte: IGE (Datos do ano 2023).

Os hoteis que operan na Reserva da Biosfera ofrecen 1.227 habitacións (36,43% das prazas ofertadas na Reserva e o 7,7% da provincia) e 2.133 prazas (29,84% da Reserva e 5,7% da provincia), mentres que nas pensións a oferta de habitacións é de 847 (25,14% da Reserva e 7,7% da provincia) e as de prazas de 1.471 (20,58% da Reserva e 3,95% da provincia). As distintas ofertas de turismo adquiriron nos últimos anos unha crecente importancia, destacando a oferta de vivendas de turismo rural, con 305 establecementos (62,24% da Reserva) que ofertan 810 habitacións e 1.603 prazas. A oferta de hoteis e establecementos turísticos da Reserva da Biosfera resulta reducida se a comparamos coas grandes áreas turísticas da Península Ibérica, pero é equiparable á existente noutras Reservas da Biosfera, non situadas no medio litoral, nas que o turismo posúe unha certa relevancia.

Ao redor de moitos dos negocios de hostalería existen outra serie de establecementos, como tendas de artesanía e de produtos tradicionais, que se ven moi favorecidas pola presenza de turistas. Esta situación obsérvase especialmente nas capitais municipais. Por outra banda, numerosos produtores locais (queixos, grelos, xamóns, embutidos, mel e distintos produtos artesáns), logran mellorar a súa comercialización ofrendándose aos visitantes nas súas casas ou en tendas e establecementos de hostalería.

Establecementos hostaleiros e turísticos

Prazas dispoñibles

Concellos	H	P	AB	TR	CT	AT	VT	VU	Total
Abadín	--	40	133	--	--	--	--	13	186
Alfoz	22	--	--	8	--	--	8	40	78
Baralla	--	28	--	--	--	--	--	56	84
Begonte	--	68	82	--	--	--	6	8	164
Castro de Rei	--	10	--	--	--	12	--	14	36
Castroverde	--	17	59	31	--	--	--	12	119
Corgo, O	81	10	--	17	--	--	10	6	124
Cospeito	--	16	--	29	--	18	--	51	114
Friol	35	28	94	--	--	--	8	41	206
Guitiriz	30	75	9	12	96	--	--	38	260
Guntín	--	35	34	--	--	8	--	19	96
Láncara	--	--	--	20	--	18	--	7	45
Lugo	1.486	490	229	27	13	536	--	896	3.677
Meira	--	17	--	28	--	--	4	--	49
Mondoñedo	33	149	64	37	--	28	--	107	418
Muras	--	--	--	--	--	--	--	8	8
Ourol	--	--	--	39	--	--	--	10	49
Outeiro de Rei	64	128	--	29	--	--	--	16	237
Páramo, O.	--	--	--	14	--	--	--	38	52
Pastoriza, A	16	38	--	12	--	--	--	3	69
Pol	--	8	--	--	--	--	--	13	21
Rábade	72	--	--	--	--	--	--	--	72
Riotorto	--	--	--	--	--	7	--	15	22
Valadouro, O	34	36	--	--	--	--	--	40	110
Vilalba	260	244	131	--	--	2	--	103	740
Xermade	--	34	--	20	--	--	8	49	111
Reserva	2.133	1.471	835	323	109	629	44	1.603	7.147
Provincia	6.245	4.923	5.452	1.857	3.563	2.494	179	12.469	37.182

Establecementos turísticos e hostaleiros: Hoteis [H]. Pensións [P]. Albergues turísticos [AB], Turismo rural [TR], Campamentos de turismo [CT]. Apartamentos turísticos [AT]. Vivendas turísticas [VT]. Vivendas de uso turístico [VU].

Táboa 5.22.- Número de prazas dispoñibles nos establecementos hostaleiros e turísticos existentes nos termos municipais da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Fonte: IGE (Datos do ano 2023).

Os datos estatísticos sobre resultados do sector turístico elabóranse a nivel nacional, por comunidades autónomas, provincias e por zonas turísticas. A información a nivel municipal é reducida e antiga, o que dificulta realizar unha valoración para o conxunto da Reserva da Biosfera Terras do Miño. A esta problemática únese os efectos provocados polo COVID que alteraron a demanda e oferta da ocupación hostaleira nos últimos anos. No gráfico adxunto móstranse os niveis de ocupación hostaleira no concello de Lugo entre novembro do 2018 e decembro do 2022, nos que se aprecia un réxime de ocupación fortemente estacional, con valores máximos, nos meses de verán (xuño-outubro) que no caso de Lugo,

prolóngase ata a primeiras semana de outubro ao coincidir este período coas festas patronais, para descender progresivamente no resto dos meses. Durante este período a estancia media por viaxeiro establécese en 2 días.

Figura 5.14.- Nivel de ocupación na hostaleira do termo municipal de Lugo (11/219-12/2022). Fonte: INE. Enquisa hostaleira. Gráfica tomada de EPdata.



Figura 5.15.- Estancia media (días) en hoteis no termo municipal de Lugo (11/219-12/2022). Fonte: INE. Enquisa hostaleira. Gráfica tomada de EPdata.

Subsector Educativo

Na Reserva da Biosfera Terras do Miño inclúense dous centros universitarios. Na cidade de Lugo atópase unha das sedes da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) e un campus con docencia presencia e virtual, adscrito á Universidade de Santiago de Compostela (USC), o “Campus de Lugo”, con instalacións centradas igualmente no termo municipal de Lugo, pero que tamén dispón doutras instalacións en distintos concellos da provincia (leiras de prácticas, estación científica, etc). O Campus de Lugo (USC), representa un dos seis Campus Universitarios, de titularidade pública, existentes na Comunidade Autónoma de Galicia. O Campus de Lugo inclúe un campus de especialización científico-

técnica, o “Campus Terra”, que busca converterse nun referente científico e social nos ámbitos de coñecemento vinculados á sustentabilidade económica, social e ambiental do uso da terra, poñendo en valor as capacidades existentes e xerando outras novas para contribuír á construción dun novo modelo de crecemento intelixente, sostible e integrador.

O Campus de Lugo (USC) presenta unha ampla oferta académica, pero con especial atención ás titulacións no ámbito da enxeñería e o medio rural. Impartíndose de 15 títulos que se agrupan en oito centros docentes con sede na cidade. As posibilidades formativas deste campus tamén cobren as diferentes posibilidades de formación especializada que se especifican nos posgraos e masters a través dos cales os estudantes definen aínda máis as súas expectativas profesionais para a súa integración no mercado laboral. Os máster son tamén o camiño cara ao doutoramento e a investigación, capítulo no que o Campus Terra ten unha historia de gran impacto en diversas áreas temáticas. O Campus de Lugo (USC) alberga ademais varios centros de investigación, entre eles o Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER), considerados como un referente na planificación e xestión do territorio rural, e que participa en distintas actuacións levadas a cabo pola Rede Española de Reservas da Biosfera e a Rede Galega de Reservas da Biosfera. A atención ás necesidades da comunidade universitaria complétase con instalacións e servizos específicos no ámbito deportivo ou cultural, así como coas súas propias iniciativas que ofrecen un abanico de posibilidades co que os membros da comunidade universitaria poden complementar a formación recibida nos graos.

Centros docentes universitarios

Figura 5.16.- Vista aérea da cidade de Lugo no que se aprecian os edificios e instalacións do Campus Universitario. Fotografía: Google Earth.

Xunto á formación universitaria no ámbito da Reserva da Biosfera Terras do Miño existe unha ampla oferta non universitaria que inclúe 92 centros (49,72% da provincia nos que traballan 2.262 profesores e impártese formación a máis de 22.700 alumnos (57,39% da provincia).

Centros docentes non universitarios

Concellos	Centros	EI	EP	ES	BO	CG	EA	EE	Alumnos	Profesores
Abadín	1	●	●						63	10
Alfoz	2	●	●						147	25
Baralla	1	●	●						147	28
Begonte	2	●	●						113	18
Castro de Rei	3	●	●	●	●	●	●		565	73
Castroverde	1	●	●						208	35
Corgo, O	1	●	●						79	12
Cospeito	2	●	●						277	35
Friol	2	●	●						249	36
Guitiriz	3	●	●	●		●			468	62
Guntín	2	●	●						168	32
Láncara	1	●	●						186	32
Lugo	43	●	●	●	●	●	●	●	16.272	1.397
Meira	2	●	●	●					294	46
Mondoñedo	3	●	●	●	●	●	●		518	72
Muras	1	●	●						14	2
Ourol	1	●	●						12	2
Outeiro de Rei	2	●	●				●		328	26
Páramo, O.	1	●	●						51	9
Pastoriza, A	3	●	●						196	36
Pol	1	●	●						52	7
Rábade	3	●	●	●		●			425	56
Riotorto	1	●	●						61	8
Valadouro, O	1	●	●						83	13
Vilalba	8	●	●	●	●	●	●		1.744	182
Xermade	1	●	●						68	8
Reserva	92								22.788	2.262
Provincia	185								39.705	4308

Tipoloxía de centros: Educación infantil [EI]. Educación primaria [EP]. Educación secundaria obrigatoria [É]. Bacharelato ordinario [BO]. Ciclos formativos de grao medio e superior [CG]. Educación para adultos [EA], Educación especial [EE].

Táboa 5.23. Número de centros non universitarios, alumnos e profesores nos termos municipais da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Datos: IGE (referidos ao ano 2013).

O número de alumnos en educación infantil alcanza os 3.941 (17,29%), mentres que en Educación primaria é de 7.379 (32,38%) e na Educación secundaria obrigatoria é de 5.322 (23,35%). O número de alumnos que cursan Bacharelato ordinario é de 1908 (8,37%), mentres que nos Ciclos formativos acollen a 2068 alumnos (9,07%), e 242 (1,06%) alumnos en programas de cualificacións profesional inicial. Na formación para adultos están matriculados 1.282 alumnos (5,62%) e na educación especial 56 alumnos (0,24%)

Centros docentes non universitarios na Reserva da Biosfera

Municipios	EI	EP	ESO	BO	CGM	CGS	PCP	BA	CMA	CSA	ESA	EE
Abadín	17	46	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Alfoz	15	53	79	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Baralla	33	63	51	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Begonte	35	78	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Castro de Rei	94	186	145	61	--	68	10	--	--	1	--	--
Castroverde	35	71	102	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Corgo, O	25	54	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Cospeito	56	132	89	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Friol	41	103	105	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Guitiriz	88	164	160	42	--	--	14	--	--	--	--	--
Guntín	35	74	59	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Láncara	38	72	76	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Lugo	2.734	4.943	3.481	1.467	776	1.048	134	540	467	292	334	56
Meira	57	84	90	44	--	--	19	--	--	--	--	--
Mondoñedo	63	146	193	56	--	29	8	--	23	--	--	--
Muras	4	10	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Ourol	5	7	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Outeiro de Rei	81	121	--	--	--	--	--	--	21	--	105	--
Páramo, O.	7	44	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Pastoriza, A	40	86	70	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Pol	10	42	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Rábade	49	104	218	44	--	--	10	--	--	--	--	--
Riotorto	24	37	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Valadouro, O	38	45	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Vilalba	295	568	404	194	89	58	47	50	--	--	39	--
Xermade	22	46	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--
Reserva	3.941	7.379	5.322	1.908	865	1.203	242	590	511	293	478	56
Provincia	6.739	13.204	9.470	3.348	1.768	1.823	481	830	760	379	810	93

Número de alumnos: Educación infantil [EI]. Educación primaria [EP]. Educación secundaria obrigatoria [ESO]. Bacharelato ordinario [BO]. Ciclos formativos de grao medio ordinarios [CGM]. Ciclos formativos de grao superior ordinarios [CGS]. Programas de cualificación profesional inicial [PCP]. Bacharelato para adultos [BA]. Ciclos formativos de grao medio para adultos [CMA]. Ciclos formativos de grao superior para adultos [CSA]. Ensinos básicos iniciais e ESO para adultos [ESA]. Educación especial [EE].

Táboa 5.24. Número de alumnos en centros non universitarios nos termos municipais que conforman a Reserva da Biosfera Terras do Miño. Datos: IGE (referidos ao ano 2013).

5.4. Apoio loxístico

Nos últimos anos a área da Reserva da Biosfera incluíuse como elemento referente no desenvolvemento de distintos proxectos de investigación financiados pola Unión Europea, o Estado Español, ou a Comunidade Autónoma de Galicia.

Desde a Reserva puxéronse en marcha unha serie de actuacións para o fomento do apoio loxístico e a promoción da aprendizaxe e a investigación no seu territorio. Tamén se realizaron accións no campo da cooperación e o asociacionismo, fomentando de forma interna a agrupación dos diferentes axentes implicados, e tendendo pontes de forma externa a socios ou actividades, nacionais e internacionais, que permitan reforzar o cumprimento das funcións da Reserva. Así mesmo, a Reserva xerou unha gran cantidade de materiais expositivos e divulgativos que permitiron chegar a un gran público os valores, as actividades tradicionais, o saber popular e os produtos que se xeran e producen no seu ámbito territorial.

Neste contexto, os aspectos relacionados coa xestión do uso público constitúen un elemento clave na xestión de calquera espazo que recibe unha afluencia significativa de visitantes e máis aínda cando se trata dun espazo que posúe unha designación internacional, como ocorre coa Reserva da Biosfera. É por iso polo que entre as actividades de apoio loxístico débense fortalecer as actuacións de información e/ou vixilancia que preveñan potenciais impactos causados por prácticas que son susceptibles de superar a capacidade de carga ambiental do espazo e que faciliten o achegamento dos visitantes aos valores naturais e culturais da Reserva, dunha forma ordenada, segura e que garanta a conservación, a comprensión e o aprecio de tales valores a través da información, a educación e a interpretación do patrimonio.

O ente xestor da Reserva da Biosfera fixo un especial esforzo na promoción e difusión dos valores naturais e culturais da Reserva. Con todo, considérase estratéxico incrementar as labores de divulgación e difusión do coñecemento, así como fortalecer as sinerxias entre os diferentes axentes implicados no territorio, aspecto que redundaría no éxito das devanditas actuacións. Neste sentido, os órganos de xestión e participación da Reserva poden constituír unha valiosa ferramenta como foro de discusión para a promoción de iniciativas e ideas innovadoras neste campo.

5.1. Patrimonio cultural

A Reserva da Biosfera Terras do Miño alberga un importante Patrimonio Cultural material e inmaterial vinculado coas distintas ocupacións humanas que se desenvolveron neste territorio e que se remontan ao Paleolítico Superior, vestixios que en épocas máis recentes, inclúen abundantes manifestacións monumentais e artísticas, tres das cales designadas pola UNESCO como bens do Patrimonio Mundial: os Camiños a Santiago de Compostela, a Muralla de Lugo e a Catedral de Lugo. Recentemente a UNESCO incluíu (2018) na lista representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial os "coñecementos e técnicas da arte de construír muros en pedra seca".

Paleolítico

A primeira presenza humana na área remóntase aos comezos do Paleolítico Superior, entre 150-120.000 anos, con abundantes ocupacións relacionadas co final do último estadío do Würm (ocupacións Magdalenienses e Azilienses), así como do Epipaleolítico. As ocupacións corresponden tanto a xacementos en covas (A Valiña, Castroverde), abrigos rochosos (Pena Grande, Vilalba) como a campamentos ao aire libre (Xestido, Abadín). A investigación sobre este período estivo centrada ata hai uns anos no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba que chegou albergar unha das mellores colecciónns de pezas líticas referidas aos primeiros poboadores de Galicia, así como un grupo interdisciplinar de investigadores que desde o ámbito arqueolóxico e paleoambiental levaron a cabo numerosos estudos e publicacións científicas.

Neolítico - Idade dos Metais

As ocupacións postpaleolíticas relacionadas coa adopción das prácticas agrícolas e gandeiras, o uso dos metais, a pedra puída e a cerámica son igualmente abundantes no territorio, incluíndo tanto xacementos ocupacionais (Prado do Inferno, Muras), como elementos funerarios coñecidos localmente como "Medoñas". Os monumentos funerarios emprázanse en lugares recollidos e preferentemente altos; atópanse significativamente orientados ao sol e nalgúns casos decorados, o que indica a existencia de crenzas relixiosas e ritos asociados. Na Reserva da Biosfera Terras do Miño rexistráronse máis de 200 restos de monumentos funerarios correspondentes á Idade dos Metais. Estes vestixios concéntranse fundamentalmente na zona centro, destacando pola súa abundancia os municipios de Vilalba e Guntín. A este período cultural vincúlase a presenza de gravados rupestres que representan escenas de caza, guerras ou interpretacións cósmicas. Trátase de gravados realizados na rocha mediante técnicas de percusión directa e que, co paso do tempo e a erosión, adquiriron unha textura suave e redondeada. A temática destes adoita ser moi variada, representando desde animais a figuras xeométricas de escuro significado. Dentro da zona de estudo Guitiriz é o termo municipal onde existe unha mellor representación destes elementos. Vestixios deste período atópanse no Museo Provincial de Lugo e no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba.

O complexo período cultural que comprende a Idade do Bronce, Ferro e a Romanización vén marcado por unha intensificación da produción agrícola e gandeira que conlevou un aumento da poboación no territorio e a aparición de fortificacións defensivas contorna aos principais núcleos habitados, os Castros.

Os castros son emprazamentos de poboación situados en lugares altos de difícil acceso, preferentemente nas cimas de montes. Devanditos poboados, cuxo deseño carece de criterios urbanísticos previos, están protexidos por sólidos sistemas defensivos, o cal é signo da belicosidade imperante naquela época. Existe un gran número de castros catalogados; concretamente dentro da Reserva da Biosfera de Terras do Miños atopámonos cun total de 302; aínda que tan só uns poucos foron escavados e mostran

estruturas visibles. A cultura castrexa compleméntase cunha plástica rudimentaria e unha ourivaría en pleno apoxeo, das cales se atopan restos no Museo Provincial de Lugo, Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba e Museo Monográfico do Castro de Viladonga.

Invasión Romana

Debido a que o principal obxectivo do imperio romano na zona de estudo era a explotación mineira e o control das infraestruturas, existen abundantes construcións funcionais (pontes, murallas etc.), e, pola contra, non hai grandes monumentos (circos, teatros etc.). Destaca a cidade de Lucus Augusti, fundada no ano 25 AC. por intereses estratéxicos da conquista e que entre os anos 260 e 310 foi rodeada por unha muralla de 2.140 m de perímetro; esta última foi declarada patrimonio da humanidade no ano 2000. Entre os principais vestixios da romanización desta cidade destacan obras como a Ponte Romana, as Termas ou os numerosos restos que se atopan no museo provincial. Hai que destacar a existencia de restos romanos noutras zonas do territorio, como é o caso do templo de Santa Eulalia de Bóveda, que data de finais do século III.

Invasións Xermánicas

O período marcado pola chegada dos pobos xermánicos e o establecemento do Reino Suevo, deixou unha rica documentación da importancia que tivo a cidade e o territorio de Lugo na configuración do novo reino, así como algúns restos, como é o Crismón da Hermida, peza de gran perfección realizada en mármore. O Reino Suevo sucumbe ao ser incorporado polo Reino Visigodo, iniciando así un período do que se conservan distintos restos arqueolóxicos, destacando os Relevos das Saamasas (s. VI) ou o Broche de Baamorto (s. VII).

Reino de Galicia

O Reino Visigodo sucumbe de forma tumultuosa trala chegada dos bereberes á Península Ibérica, que exercerán un curto dominio en terras da Reserva da Biosfera, para tras a súa retirada do territorio ser anexionado polo monarca con sede en Asturias Alfonso I o Católico, quen instaura na cidade de Lugo ao bispo Odoario (750 AD), quen inicia a recuperación da cidade e do medio rural. Durante esta época e ata mediados do século XIX, a cidade de Lugo, foi a única urbe de Galicia e a única que merecería tal nome en todos os dominios cristiáns Ibéricos. Os bispos de Lugo, actuarían ata a reconquista de Braga, como metropolitanos ao incorporar aos seus títulos o de bispos de Braga. A comezos do século IX Teodomiro, bispo de Iria Flavia, afirmou atopar a tumba do Apóstolo Santiago nun lugar despoboado da actual Santiago de Compostela. Tras este descubrimento os peregrinos comezaron a chegar desde todos os puntos de Europa, percorrendo a Reserva da Biosfera a través do coñecido como Camiño Primitivo que discorría de Oviedo a Lugo e de aquí a Santiago. En 833 AD naceu na cidade de Lugo o monxe Froilán, nomeado bispo de León e recoñecido como santo pola Igrexa católica, sendo considerado na actualidade como patrón de Lugo e da diocese de León. Cento cincuenta anos despois da recuperación levada a cabo por Odoario, Lugo seguía a medio poboar

No ano 1129 iníciase a construción da Catedral de Lugo, seguindo o estilo románico, incorporando posteriormente elementos propios do estilo gótico. A catedral de Lugo é un ben incluído na Lista de Patrimonio Mundial da UNESCO. En data máis recente dátase a construción do Convento de Santo Domingo (s. XIII) e do Claustro do Convento de San Francisco (s. XV), ambos en Lugo, ou a fachada do Mosteiro de Santa María de Meira.

Xunto ás construcións de carácter relixioso atópanse outras de carácter civil, entre as que destacan as distintas fortificacións medievais que se atopan diseminadas polo territorio da Reserva da Biosfera. Entre

elas cabe resaltar a Torre Homenaxe do Castelo dos Andrade en Vilalba, reconvertida en tempos recentes en Parador de Turismo.

Idade Moderna e Idade Contemporánea.

Ao longo deste amplo e complexo período constrúense numerosos elementos de gran singularidade que conforman na actualidade bens relevantes do Patrimonio Cultural da Reserva da Biosfera Terras do Miño. A construción destes elementos adáptase aos modelos construtivos vixentes en cada época (renacentistas, barrocos, neoclásico). Entre os elementos de estilo renacentista debe resaltar a Torre Vella da Catedral de Lugo e o claustro do mosteiro cisterciense de Sta. María de Meira. Consérvanse ademais distintas pinturas e esculturas da época en distintas localidades da Reserva (Parga, Fonteita, Ferreira de Pallares e Lugo).

As principais manifestacións artísticas do barroco atópanse en Lugo e en Mondoñedo. En Lugo destaca a Capela da Virxe dos Ollos Grandes situada na Catedral, así como claustro. De estilo barroco é tamén a Igrexa de San Roque e a actual casa do concello, obra do arquitecto Lucas Ferro construída no século XVIII e considerada como un dos máximos expoñentes do barroco civil galego. En Mondoñedo hai que destacar o Santuario dos Remedios e o retablo maior e os órganos da catedral. Desta época consérvanse tamén numerosas esculturas, pinturas e obras de ourivaría.

Coincidindo co barroco as grandes casas rurais adquiren unha maior relevancia e poderío, transformándose en palacios rurais (pazos), onde os señores, habitualmente representantes da nobreza civil e/ou eclesiástica, realzan os elementos construtivos integrando elementos de carácter relixioso (capelas, portas enmarcadas con volutas, ménsulas caixadas, claustros), civil ou mesmo militar (torres, murallas, patios exteriores). Algúns dos elementos que caracterizan os pazos son: as chemineas de gran tamaño xeralmente de granito con vistosos remates de pináculos; os brasóns como sinais identificatorias da liñaxe señorial e a capela como mostra da importancia da relixión. Outros elementos significativos son os xardíns e parques forestais, as fontes, os hórreos de gran tamaño, os pombais, os lavadoiros e as adegas.

Co período Neoclásico identifícase a fachada da Catedral de Lugo, que é a máis neoclásica de todas as galegas, e tamén a capela e o retablo maior. Desta época data tamén os coñecidos como Frescos de Terán, existentes na Catedral de Mondoñedo.

6 Zonficación da Reserva da Biosfera

O Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera (RMRB), aprobado na Conferencia Xeral da UNESCO celebrada en Sevilla en novembro de 1995, establece no seu artigo 4 unha serie de criterios xerais que deben conter os territorios para ser designados Reserva da Biosfera. O 4º dos devanditos criterios é que a zona para designar teña dimensións suficientes para cumprir as tres funcións das Reservas da Biosfera definidas no artigo 3 do Marco Estatutario da RMRB (é dicir, conservación, desenvolvemento sostible e apoio loxístico).

A memoria declarativa da Reserva da Biosfera Terras do Miño (2002) incluía unha delimitación e zonificación acorde cos criterios fixados pola UNESCO e os establecidos na normativa estatal. No ano 2012 realízase un axuste técnico de límites da Reserva da Biosfera derivada da publicación de límites oficiais dos termos municipais máis precisos. A cartografía oficial de referencia sufriu posteriormente pequenas modificacións, polo que no ano 2023, procedeuse a realizar un novo axuste de límites. As modificacións dos límites da Reserva obrigan a realizar pequenos axustes na superficie das unidades de zonificación, datos que se mostran nas táboas, que se inclúen neste capítulo e que se expresan na cartografía que acompaña a esta memoria.

Na configuración inicial da Reserva da Biosfera Terras do Miño (2002), a superficie da mesma era de 363.668,90 ha. As Zonas Núcleo representaban 35.505,1 ha (9,8%), as Zona Tampón 79.934,5 ha (22,0%) e as Zonas de Transición 248.299,3 ha (68,2%). A zona núcleo engloba a totalidade da superficie de dúas áreas protexidas da Rede Natura 2000 designadas provisionalmente (pLIC Serra do Xistral e o pLIC Parga-Ladra-Támoga. No ano 2004 os espazos da Rede Natura 2000 pasan a designarse de forma definitiva (LIC Serra do Xistral e o LIC Parga-Ladra-Támoga), sendo ademais designados como espazos naturais protexidos a través da figura de Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dous Valores Naturais. DOG 69, 12/04/2004). Ademais da área comprendida por estes dous espazos naturais inclúense na zona núcleo distintos tramos de corredores fluviais, así como de humidais asociados a estes, cuxa protección xeral vincúlase coa lexislación de augas e dos ecosistemas acuáticos. A totalidade das Zonas Núcleo da Reserva da Biosfera atópanse rodeadas por Zonas Tampón.

No ano 2012 a Reserva da Biosfera de Terras do Miño realiza un reaxuste técnico dos seus límites tendo en conta tanto os cambios rexistrados na definición dos límites dos termos municipais, a configuración dos espazos da Rede Natura 2000 e a existencia de áreas de contacto con outras Reservas da Biosfera. Deste xeito a superficie consignada para a Reserva da Biosfera Terras do Miño increméntase ata as 364.748,72 ha, das que 35.501,85 ha (9,76) correspóndense con Zonas Núcleo. 79.984,54 (21,99%), con Zonas Tampón e 248.262,34 ha (68,25%) con Zonas de Transición.

No ano 2014, a Xunta de Galicia aproba o plan de xestión para os espazos da Rede Natura 2000, o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, instrumento que responde á figura dun Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. DOG 62, 31/03/2014). A aprobación do Plan Director conleva a transformación dos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) en Zonas de Especial Conservación (ZEC), efectuándose con este proceso pequenos axustes técnicos dos seus límites. Posteriormente, a aprobación da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia (DOG 149, 7/08/ 2019.), modifica a tipoloxía e denominacións das áreas naturais protexidas, de modo que as Zonas de Especial Conservación dos Valores Naturais transfórmanse en Espazos Protexidos Rede Natura 2000.

Os pequenos cambios que se producen nos límites dos termos municipais e dos propios espazos da Rede Natura 2000 desde o ano 2012, así como a necesidade de adecuar as áreas de contacto de Terras do Miño coas doutras Reservas da Biosfera de Galicia, xustifican a necesidade de levar a cabo un novo reaxuste cartográfico (2023), asignándose así á Reserva da Biosfera Terras do Miño unha superficie de 363.752,64 ha, das que 35.502,50 ha (9,76%) correspóndese coas Zonas Núcleo, 79.982,44 ha (21,99%) coas Zonas Tampón e 248.267,70 ha (68,25%) coas Zonas de Transición

Na configuración actual da zonificación da Reserva da Biosfera Terras do Miño (2023), as Zonas Núcleo atópanse rodeadas por Zonas Tampón. Nas zonas Núcleo e Tampón a presenza de núcleos de poboación é reducida, e na maioría dos casos correspóndense con explotacións familiares de agricultores. A maioría da poboación da Reserva distribúese na ampla zona de transición que inclúe a capitalidade provincial (Lugo) e a capitalidade dos distintos termos municipais. A cidade de Lugo posúe dous elementos declarados pola UNESCO como Patrimonio Mundial, a Muralla (2000) e a Catedral (2015). Xunto a estas designacións especiais, debe destacarse que o territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño é percorrido por distintas vías do “Camiño de Santiago de Compostela”, que posúen igualmente a designación de Patrimonio Mundial (Camiño Francés, Camiños do Norte de España).

Axustes na zonificación da Reserva da Biosfera

Zonas	Declaración - 2002		Reaxuste - 2012		Reaxuste - 2023	
	Superficie	Porcentaxe	Superficie	Porcentaxe	Superficie	Porcentaxe
Núcleo	35.505,1	9,8 %	35.501,85	9,76%	35.502,50	9,76%
Tampón	79.934,5	22,0 %	79.984,54	21,99%	79.982,44	21,99%
Transición	248.229,3	68,2 %	248.262,34	68,25%	248.267,70	68,25%
Reserva	363.668,9	100,00%	364.748,72	100,00%	363.752,64	100,00%

Táboa 6.1. Superficies (ha) consignadas na declaración da Reserva da Biosfera (2002) e valores tralos procedementos de reaxuste cartográfico realizados no ano 2012 e no 2023.

Datos actuais de superficies da Reserva da Biosfera

Zonas	Mariña	Terrestre	Total	%
Núcleo	-----	35.502,50	35.502,50	9,76%
Tampón	-----	79.982,44	79.982,44	21,99%
Transición	-----	248.267,70	248.267,70	68,25%
Reserva	-----	363.752,64	363.752,64	100,00%

Tabla 6.2. Superficies (ha) actuais da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Datos actuais de superficies da Reserva da Biosfera



Figura 6.1. Distribución porcentual das unidades de zonificación da Reserva da Biosfera Terras do Miño

As dimensións da zona núcleo permiten o cumprimento das funcións de conservación que debe posuír unha Reserva da Biosfera, posto que a mesma comprendería unha mostra significativa de ecosistemas e paisaxes naturais e seminaturais de diferentes dominios nos que se inclúe un notable elenco de tipos de hábitats e especies de interese para a conservación.

❖ Zonas núcleo

Na Estratexia de Sevilla (UNESCO, 1995), considérase que as zonas núcleo son áreas nas que se permita e asegure, a longo prazo, a conservación da Diversidade Biolóxica. Nelas é posible efectuar aproveitamentos e actividades que non supoñan unha diminución do seu estado de conservación, ademais de actuacións de investigación, vixilancia e restauración dos ecosistemas, ou ben actuacións de tempo libre e formativas pouco perturbadoras.

Na Memoria de declaración da Reserva da Biosfera Terras do Miño, as zonas núcleo identifícanse con dúas unidades. 1.- Os paisaxes da auga, estruturados os corredores ecolóxicos fluviais que percorren a Conca Alta do Miño. E 2.- A paisaxe da montaña do Xistral, como área central das Serras Setentrionais de Galicia.

A paisaxe destas zonas aparece conformada maioritariamente por hábitats naturais e seminaturais, así como de agrosistemas e silvosistemas. No límite establecido para ámbalas unidades non se atopan asentamentos importantes de poboación, aínda que se poden atopar vivendas ou pequenos grupos de vivendas illadas de agricultores. As zonas núcleo da Reserva da Biosfera Terras do Miño, abarcan unha superficie de 35.500 ha (9,76%).

Os paisaxes da auga, que comprende os leitos e ribeiras dos principais tramos do do río Miño, integrando os bosques aluviais asociados a eles e os diversos medios lacunares e outros tipos de humidais (queirigais húmidos, herbais higrófilos, turbeiras). Trátase pois dun complexo sistema de corredores ecolóxicos que percorre a Reserva da Biosfera, desde os tramos altos aos tramos medios e maduros. Esta unidade ocupa unha superficie de máis de 14.000 ha (41% da zona núcleo da Reserva), da que un 30% atópase estritamente protexida, ao formar parte da ZEC Parga-Ladra-Támoga.

Mapa de zonificación da Reserva da Biosfera



Figura 6.2. Imaxe esquerda: zonificación tomada da Memoria declarativa. Imaxe dereita: espazos da Rede Natura sobre os que se configura a delimitación das zonas núcleo da Reserva.

A outra gran zona núcleo da Reserva da Biosfera, correspóndese coas paisaxes de montaña do Xistral. Esta unidade designa ao contraforte principal do conxunto montañoso coñecido como Serras Setentrionais de Galicia, a cal actúa de divisoria entre o espazo litoral-sublitoral do Norte de Galicia e a Galicia Interior. A área núcleo establecida no ámbito das Serras Setentrionais de Galicia (Serra do Xistral), comprende unha superficie de máis de 21.000 ha (59 % da zona núcleo da Reserva da Biosfera). Incluída dentro da ZEC Serra do Xistral. Esta zona alberga un complexo mosaico de humidais de montaña, cuxa configuración é o resultado dos grandes cambios climáticos e ambientais que se produciron durante o Plistoceno e o Holoceno, así como dos usos e aproveitamentos que desde a Prehistoria e durante os tempos históricos, realizaron as comunidades humanas. Os hábitats característicos desta zona correspóndense con: Turbeiras de Cobertor Activas, Turbeiras Altas Activas, Mires de Transición, Turbeiras Boscosas, Queirogais húmidos, Lagoas distróficas e Oligotróficas, así como distintos tipos de ecosistemas ligados aos afloramentos rochosos silíceos, bosques antigos de especies caducifolias (*Quercus robur, Quercus pirenaica*), aveledos, bosques de barrancos, bidueirais, acebedas (*Ilex aquifolium*).

❖ Zonas tampón

As zonas tampón ou de amortecemento xeralmente circunda ás zonas núcleo ou colinda con elas. Estas unidades poden acoller distintos tipos actividades e aproveitamentos sostibles, tanto produtivos (agricultura, gandería, explotacións forestais), como vinculados con actividades formativas (educación ambiental, educación regrada), o uso público (recreación, educación ambiental, turismo ecolóxico) e a investigación. Na Reserva da Biosfera Terras do Miño, as Zonas Tampón ocupan 79.984,54 ha, representando un 21,99% do total da Reserva. A paisaxe destas zonas aparece conformada maioritariamente por hábitats naturais, seminaturais. agrosistemas e silvosistemas. Do mesmo xeito que nas zonas núcleo, nos límites establecidos para as distintas zonas tampón non se atopan asentamentos

importantes de poboación, aínda que se poden observar vivendas ou pequenos grupos de vivendas illadas de agricultores.

As Zona Tampón da Reserva da Biosfera Terras do Miño pódense agrupar en 3 unidades: 1.- Unidade contigua aos paisaxes da auga. 2.- Unidade contigua ás paisaxes de montaña do Xistral e 3.- Os contrafortes montañosos non integrados na unidade Sierra do Xistral.

A zona tampón dos paisaxes da auga abarca unha franxa de 300 m de ancho en ámbalas marxes rodeando aos leitos de auga das zonas núcleo. Esta anchura pode verse incrementada en lugares puntuais debido á presenza de hábitats de interese comunitario. Na memoria Declarativa indícase que nesta zona promoverase unha xestión acorde cos obxectivos de conservación da zona núcleo adxacente, particularmente coas actividades implicadas directa ou indirectamente nos cursos de auga: actividades agrogandeiras, xestión de bosques aluviais, restauración de áreas degradadas etc.

A zona tampón das paisaxes de montaña do Xistral rodea externamente o espazo ZEC Serra do Xistral. Na memoria Declarativa indícase que nesta zona levaranse a cabo formas de manexo compatibles coas paisaxes, ecosistemas e as especies para protexer, así como a restauración e cambio de uso daqueles incompatibles coas funcións das Reservas da Biosfera.

A terceira unidade de zona tampón: "Zona tampón dos contrafortes montañosos", abarca aqueles espazos situados a máis de 600 m de altitude que non se integran na unidade Serra do Xistral, e que comprende aos rebordes montañosos que delimitan externamente a Reserva. Esta área inclúe un gran número de nacentes e humidais que alimentan os distintos cursos fluviais que alimentan a Conca Alta do río Miño.

❖ Zonas de transición

O Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera (UNESCO, 1995), define as zonas de transición como unha zona exterior (ás zonas núcleo e tampón) onde se fomenten e practiquen formas de explotación sostible dos recursos". As zonas de transición poden ter diferentes tipos de aproveitamentos dos recursos naturais, así como de asentamentos humanos, establecendo un marco adecuado onde as comunidades locais, os organismos de xestión, os científicos, as organizacións non gobernamentais, os grupos culturais, o sector económico e outros interesados traballen conxuntamente na administración e o desenvolvemento sostible dos recursos da zona.

A zona de transición da Reserva da Biosfera de Terras do Miño, ocupa unha superficie de 248.262,34 ha, representado o 68,25% da superficie total. Alberga a maioría dos núcleos de poboación existentes na Reserva e a maior parte das zonas onde se desenvolven actividades produtivas. A maior parte da superficie está representada por distintos tipos de agrosistemas. Na zona de transición aséntase o 90% da poboación humana que vive na Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Mapa de zonificación da Reserva da Biosfera Terras do Miño

Ano 2023



Figura 6.3. Mapa de zonificación da Reserva da Biosfera Terras do Miño (2023)

Mapa de zonificación da Reserva da Biosfera Terras do Miño

Ano 2012



Figura 6.4. Mapa de zonificación da Reserva da Biosfera Terras do Miño (2012)

Mapa de zonificación da Reserva da Biosfera Terras do Miño

Ano 2012

Figura 6.5. Mapa de zonificación da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Delimitación das zonas núcleo (2012)

Mapa de zonificación da Reserva da Biosfera Terras do Miño

Ano 2002



Figura 6.6. Mapa de zonificación da Reserva da Biosfera Terras do Miño incluída na memoria declarativa (2002)

6.1 Conectividade entre as Reservas da Biosfera

Trala declaración da Reserva da Biosfera Terras do Miño (2002) declarouse en Galicia a Reserva da Biosfera do Área de Allariz (2005), a Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Navia e Becerreá (2006), a Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos, e Terras de Burón (2007), a Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés (2009), a Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (2013) e finalmente a Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel (2021).

Reservas da Biosfera en Galicia



Reservas da Biosfera en Galicia: Reserva interautonómica Río Eo, Oscos e Terras de Burón [1]. Terras do Miño [2]: Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo [3]. Os Ancares Lucenses e Montes de Navia e Becerreá [4]. Área de Allariz [5]. Reserva da Biosfera Transfronteiriza de Gerês-Xurés [6]. Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel [7]

Figura 6.7. Situación actual (2023) das Reservas da Biosfera en Galicia.

A Reserva da Biosfera de Terras do Miño contacta con tres das Reservas da Galicia: Eo, Oscos e Terras de Burón; Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, e Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, o que obrigou a axustar os límites entre as devanditas Reservas e as súas unidades de zonificación, evitando tanto solapes, como áreas mortas, ou discordancia entre as unidades zonificación e áreas contiguas. Así a zonificación exposta en Terras do Miño en relación cos corredores ecolóxicos fluviais se continúa na Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, conectando así a conca Alta do Miño coa conca Media (Miño-Sil). Esta mesma coherencia apréciase nos límites de Terras do Miño coa Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos, e Terras de Burón e coa Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Reservas da Biosfera en Galicia



Reservas da Biosfera en Galicia: Terras do Miño [A]. Reserva interautonómica Río Eo, Oscos e Terras de Burón [B]. Os Ancares Lucenses e Montes de Navia e Becerreá [C]. Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel [D]. Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo [E]

Figura 6.8. Zonificación da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

7 Órganos de Gobierno e participación da Reserva da Biosfera

A Estratexia de Sevilla e o Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera (Conferencia Xeral da UNESCO, 1995, 28th. sesión), así como a normativa española (Lei 42/2007, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade; Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público), regulan os aspectos básicos para articular os órganos dunha Reserva da Biosfera.

O Boletín Oficial da Provincia de Lugo publicou no ano 2011, o Regulamento do Órgano de Xestión da Reserva da Biosfera de Terras do Miño (Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 76, 04/04/2011).

No Regulamento indícase que o "Órgano de Xestión" da Reserva da Biosfera de Terras do Miño é un órgano especial da administración sen personalidade xurídica propia, para a xestión da Reserva, que se constitúe ao amparo do disposto no artigo 85.2.A).a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 67.1.b) do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e que se rexe polo presente Regulamento e sometido ao resto do ordenamento xurídico. O órgano de xestión da Reserva da Biosfera de Terras do Miño (en diante, órgano de xestión da Reserva) está integrado na Deputación Provincial de Lugo, tendo por obxecto a realización de accións para a planificación e xestión da Reserva da Biosfera de Terras do Miño designada pola UNESCO o 16/12/2002.

O órgano de xestión da Reserva está composto polos seguintes órganos:

1.- Un Órgano Reitor
2.- Un Órgano de Participación
3.- Un Director-Xerente

Son fins xerais do órgano de xestión:

1.- Supervisión e tutela da planificación e xestión da Reserva, coordinando e colaborando na execución de actuacións de conservación e desenvolvemento sostible, incluíndo desde a sensibilización, educación e formación, ata o deseño, desenvolvemento, execución e xestión de proxectos e promoción da investigación sobre a conservación e xestión dos recursos naturais e o desenvolvemento compatible das sociedades humanas, así como a realización de actividades relacionadas cos principios e obxectivos da cooperación para o desenvolvemento

2.- Contribuír á conservación das paisaxes, os ecosistemas, as especies e a diversidade xenética.

3.- Fomentar un desenvolvemento económico e humano sostible desde os puntos de vista sociocultural e ecolóxico.

4.- Prestar apoio a proxectos de demostración, de educación e capacitación sobre o medio ambiente e a proxectos de investigación e observación permanente en relación con cuestións locais, rexionais, nacionais e mundiais de conservación e desenvolvemento sostible.

5.- Colaborar coa Rede Española de Reservas da Biosfera e contribuír á transferencia de información entre os distintos escenarios no que resulte de aplicación, en canto ao resultado de investigacións, métodos de xestión ou experiencias para a solución de problemas concretos.

Para o cumprimento das súas finalidades e obxectivos, e dacordo coa normativa aplicable, o órgano de xestión pode:

1.- Realizar actos de administración e de administración de bens.

2.- Obter subvencións e axudas de persoas públicas e privadas.

3.- Regulamentar o seu propio funcionamento.

4.- Realizar, en xeral, todos os actos necesarios para cumprir os obxectivos establecidos no presente Regulamento.

3.1. Órgano Reitor da Reserva da Biosfera

O Órgano Reitor é o órgano de goberno e xestión da Reserva, desde o cal se asumen as funcións de deliberación, decisión e execución. Son competencias do Órgano Reitor:

1.- Supervisar e tutelar a dirección, administración e conservación da Reserva.

2.- Promover a elaboración dos instrumentos de planificación e seguimento específicos, así como das súas revisións periódicas, propoñendo a súa aprobación, previo informe non vinculante do Órgano de Participación.

3.- Exercer a representación da Reserva no marco do Programa MaB e nas distintas redes de Reservas da Biosfera.

4.- Propoñer aos órganos competentes a celebración dos convenios de colaboración que se estimen necesarios.

5.- Aprobar a memoria anual de actividades e cantos outros informes sexa preceptivo emitir.

6.- Aceptar calquera tipo de achega ou doazón de persoas físicas ou xurídicas destinadas a mellorar a Reserva.

7.- Definir a composición do Órgano de Participación.

8.- Propoñer o nomeamento ou cesamento do Director-Xerente.

9.- Todas aquelas actuacións que se consideren necesarias para o mellor cumprimento dos obxectivos do órgano de xestión da Reserva.

10.- Actuará como Comisión de Seguimento do presente Regulamento, tendo como función o seguimento e control do cumprimento dos acordos, resolvendo as dúbidas que poida suscitar a

súa interpretación ou aplicación.

11.- Propoñer as modificacións do presente Regulamento, para o que será necesario o voto favorable da maioría dos votos dos seus membros.

12.- Coordinar a participación da Reserva nas Redes de Reservas da Biosfera e no Comité Español do Programa MaB da UNESCO.

O Órgano Reitor está composto por: Presidente, Vicepresidente, Secretario e Vocais. O número de membros do Órgano Reitor non poderá exceder de nove (9), dos cales máis da metade dos compoñentes haberán de ser deputados provinciais electos, podendo ser o resto nomeados entre persoas de adecuados coñecementos técnicos e de recoñecido prestixio.

Os membros do Órgano Reitor exercerán o seu cargo o tempo máximo dun mandato da Corporación Provincial, podendo ser designados e nomeados unha ou máis veces por períodos de igual duración, todo iso sen prexuízo de que os vogais poidan ser removidos con anterioridade por acordo da institución ou órgano que os designara.

Ocupará a Presidencia do Órgano Reitor o Presidente da Deputación Provincial de Lugo ou deputado/a en quen delegue. O Presidente do Órgano Reitor exercerá as seguintes funcións:

1.- Ostentar a representación do órgano de xestión da Reserva, salvo naquelas funcións de carácter técnico encomendadas ao Director-Xerente, exercendo a súa dirección, así como executar os acordos adoptados nas sesións da mesma.

2.- Visar as actas e certificacións dos acordos dos órganos.

3.- Acordar a convocatoria das sesións, fixando a orde do día das mesmas.

4.- Presidir as sesións e moderar os debates que se produzan no desenvolvemento destas, velando polo cumprimento das funcións que lle competen ao órgano. Para os efectos da adopción de acordos, o voto do Presidente ou de quen legalmente o substitúa será cualificado e dirimirá para o suposto de empate.

5.- Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal o Presidente será substituído polo Vicepresidente.

6.- Solicitar en nome do Órgano Reitor a colaboración que estime pertinente a institucións, autoridades, organismos, asociacións e particulares.

7.- Asumir ou delegar nalgún outro membro do Órgano Reitor as responsabilidades e atribucións do Director/a Xerente no caso deste cargo quedar vacante.

8.- No caso de non crear a figura do Director-Xerente, designar á persoa que asumirá as responsabilidades previstas por este Regulamento para este cargo, ou asumir, se así o decide, as súas funcións.

9.- Cumprir e facer cumprir o presente Regulamento e os acordos que se tomen por parte do Órgano Reitor.

10.- Exercer todas aquelas funcións que sexan inherentes á súa condición de Presidente.

O Presidente poderá nomear suplentes dos vogais para os casos en que estea xustificada a ausencia dos membros titulares. Os membros suplentes substituirán aos titulares nos supostos de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa lexítima que poida ser debidamente xustificada.

Será Vicepresidente o deputado delegado da área de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo ou deputado/a en quen delegue. Correspóndenlle ao Vicepresidente as seguintes funcións:

1.- Substituír ao Presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, exercendo as funcións que lle foron atribuídas.

2.- Todas aquelas funcións que lle delegue o Presidente.

Será Secretario o Secretario Xeral da Deputación de Lugo ou funcionario xurídico da Deputación en quen delegue. Correspóndenlle á Secretaría as seguintes atribucións:

1.- Efectuar a convocatoria das sesións por orde do seu Presidente/a, así como proceder á citación dos membros do Órgano Reitor.

2.- Recibir calquera comunicación ou certificación dos membros do Órgano Reitor das que deba ter coñecemento.

3.- Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións e dar curso aos acordos que se adopten.

4.- Expedir certificacións das actas, consultas, informes, ditames, votos particulares e outros documentos confiados á súa custodia.

5.- Aquelas outras funcións que lle sexan inherentes á súa condición de secretario/a.

Son vogais do Órgano Reitor da Reserva:

1.- Un representante de cada un dos grupos constituídos no seo da Corporación da Deputación Provincial de Lugo.

2.- Un representante da Administración Xeral do Estado: Ministro/a para a Transición ecolóxica e Reto demográfico ou persoa en quen delegue.

3.- Un representante da Xunta de Galicia: Conselleiro/a de Medio Ambiente, Territorio e Vivendia ou persoa en quen delegue.

4.- Dous técnicos de recoñecido prestixio e de adecuados coñecementos técnicos, do ámbito universitario e científico, que serán nomeados polo Presidente do Órgano Reitor a proposta dos demais membros do Órgano Reitor previa consulta ao Órgano de Participación.

Poderán incorporarse ao Órgano Reitor como asesores os funcionarios da Deputación Provincial de Lugo ou de Concellos relacionados coa Reserva e a requirimento do Presidente do Órgano Reitor. O Órgano Reitor reunirase semestralmente como mínimo, previa convocatoria da Presidencia, ou do Secretario por orde do Presidente, cunha antelación non inferior a 10 días.

Correspóndenlles os seguintes dereitos:

1.- Recibir, cunha antelación mínima de 48 horas, a convocatoria na que figurará a orde do día previsto para as reunións.

2.- Participar nos debates que se susciten nas reunións.

3.- Participar con voz e voto nas sesións do Órgano Reitor.

4.- Exercer o seu voto e formular, se se dan as circunstancias, o seu voto particular.

5.- Propoñer o nomeamento de especialistas de recoñecido prestixio para aqueles supostos en que así se estipule.

6.- Acceder a toda a documentación que obre en poder da Secretaría do Órgano Reitor.

7.- Todas aquelas funcións que sexan inherentes ao desempeño do seu cargo.

Os membros do Órgano Reitor teñen os seguintes deberes:

1.- Asistir ás sesións do Pleno ás que fosen convocados e, participar nesas actividades. No caso de que non poidan asistir deberán comunicarllo ao seu suplente coa debida antelación.

2.- Adecuar a súa conduta ao presente Regulamento e ás directrices e instrucións que, no seu propio desenvolvemento, dite o Órgano Reitor.

3.- Gardar reserva en relación coas actuacións do Órgano Reitor que, por decisión dos seus órganos, declárense reservadas.

4.- Non facer uso da condición de membro do Órgano Reitor para o exercicio de actividades non relacionadas estritamente con este órgano.

3.2. Director/a Xerente da Reserva da Biosfera

O Director/a Xerente é un órgano facultativo que será nomeado ou cesado polo Presidente do Órgano Reitor a proposta do devandito órgano e previo debate no Órgano de Participación. No caso de vacante as súas responsabilidades e atribucións recaerán na Presidencia do Órgano Reitor, que poderá delegalas en calquera membro deste órgano. O Director/a-Xerente, é o responsable da dirección administrativa e técnica da Reserva. O cargo de Director/a-Xerente poderá ser gratuíto ou retribuído, segundo decida o Presidente do Órgano Reitor. O Director/a Xerente participará nas reunións do Órgano reitor con voz e sen voto.

Corresponden ao Director/a-Xerente as seguintes atribucións e funcións:

1.- A dirección administrativa e técnica da Reserva.

2.- Supervisar e coordinar a redacción dos instrumentos e informes específicos de xestión da Reserva, así como os derivados do Plan de Acción da Reserva.

3.- Elaborar proxectos ou plans de actuación e programas seguindo as directrices do Órgano Reitor, para o seu debate e aprobación por este órgano.

4.- Informar sobre o funcionamento, custo e rendemento dos servizos ao seu cargo, propoñendo as medidas oportunas para a súa mellora.

5.- Levantar acta das deliberacións e acordos adoptados no Órgano de Participación.

6.- O cumprimento dos deberes documentais nos termos que legalmente correspondan.

7.- Elaborará e presentará ao Órgano Reitor un informe anual das actividades e do estado económico das mesmas.

8.- Ostentar a representación da Reserva da Biosfera nas reunións técnicas do Consello de Xestores de Reservas da Biosfera no marco do Comité Español do Programa MaB da UNESCO.

9.- Informar ao Órgano Reitor, e no seu caso ao Órgano de Participación, sobre as decisións, programas, actividades do Consello de Reservas da Biosfera do Comité Español do Programa MaB da UNESCO

10.- Elaborar os informes e documentos que solicite o Comité Español do Programa MaB da UNESCO.

11.- Aqueloutras funcións de carácter administrativo, técnico, ou de representación encomendadas polo Órgano Reitor.

3.3. Órgano de participación da Reserva da Biosfera

O Órgano de Participación da Reserva estará conformado por representantes tanto das administracións públicas, como de asociacións, organizacións, institucións e colectivos que desenvolvan actividades nos aspectos vinculados ao cumprimento dos obxectivos da Reserva, ou que sexan representativos de intereses sociais, económicos ou ambientais cuxos fins sexan acordes cos principios inspiradores do Programa MaB da UNESCO.

O Órgano de Participación da Reserva ten como obxectivo o de servir de apoio, asesoramento e consulta ao Órgano Reitor, mediante o estudo e debate dos instrumentos e actuacións relativas á Reserva, en particular das que se aborden no marco do seu Plan de Acción da Reserva, así como participar activamente na xeración de novas iniciativas.

O Órgano de Participación poderá ser tanto de carácter coordinador como consultivo, na forma en que se determine por parte do Órgano Reitor. En todo caso, o Órgano de Participación non terá facultades decisorias.

A composición e o funcionamento do Órgano de Participación regularase nos acordos plenarios polos que se constitúan En todo caso terase en conta:

1.- O Presidente do Órgano de Participación será o da Deputación, ou deputado/a en quen delegue

2.- Entre os vogais haberá un representante de cada un dos grupos constituídos no seo da Corporación da Deputación, debendo así mesmo formar parte deste un representante de cada un dos 26 Concellos que teñan todo ou parte do seu termo municipal na Reserva da Biosfera

3.- No Órgano de Participación poderán participar os representantes sociais de sectores interesados no desenvolvemento da Reserva a través de entidades con implantación na zona. Neste caso poderán participar:

Representantes das organizacións agrarias.

Representantes das comunidades de montes veciñais en man común

Representantes das organizacións ecoloxistas.

Representantes das organizacións de turismo rural e/ou casas rurais.

Representantes das asociacións de defensa do Patrimonio.

E aqueloutros que, polo seu interese, coñecementos, experiencia ou sensibilidade, acorde incluír o Órgano Reitor da Reserva.

Na proposta e designación dos membros que non teñan a condición de cargos natos procurarase a composición de xénero equilibrada segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. O Órgano de Participación reunirase cantas veces sexa necesario para o exercicio das funcións que teñen encomendadas, cunha periodicidade mínima anual. O lugar de reunión decidirao o Presidente do Órgano de Participación e poderá ser de forma rotatoria en cada un dos concellos que integran a Reserva.

A finalidade do Órgano de Participación é a de garantir a participación e colaboración na xestión da Reserva das diferentes administracións públicas con competencias específicas neste ámbito territorial e dos representantes de colectivos que desenvolvan actividades nos aspectos vinculados ao cumprimento dos obxectivos da Reserva, e cuxos fins sexan acordes cos principios inspiradores da Estratexia de Sevilla.

O Órgano de Participación servirá de apoio ao Órgano Reitor, mediante o estudo e debate dos instrumentos e actuacións relativas á Reserva, e en particular das que se aborden no marco do seu Plan de Acción [Plan de Xestión].

Son fins xerais do Órgano de Participación:

1.- Promover iniciativas e programas de desenvolvemento e de conservación, e participar naqueles promovidos polas distintas Administracións Publicas.

2.- Contribuír á cohesión e ao dinamismo social da Reserva e posibilitar a participación e coordinación das administracións implicadas para definir solucións globais ás necesidades da Reserva.

3.- Promover a captación, coordinación e xestión de axudas e fondos comunitarios e doutras entidades, e Administracións que os outorguen, que revertan na mellora da calidade de vida dos habitantes da Reserva, da contorna ambiental da mesma, e no apoio á investigación no seu

ámbito.

4.- Promover actividades que revertan na diversificación socioeconómica da Reserva.

5.- Contribuír á conservación e fomento do patrimonio natural e cultural da Reserva e á difusión dos seus valores.

6.- Promover investimentos e servizos propios da Reserva.

7.- Promover acordos de colaboración con outras entidades que coincidan substancialmente cos obxectivos da Reserva.

8.- Posibilitar entre os asociados o intercambio de experiencias e metodoloxías de intervención no ámbito do desenvolvemento sostible.

9.- Participar nos plans, programas ou proxectos promovidos a nivel local ou sectorial que poidan incidir nos seus labores.

10.- Promover criterios e medidas para coordinar harmonicamente os intereses e as actividades dos sectores representados cos obxectivos e as actuacións na Reserva.

11.- Expoñer ao Órgano Reitor de Reserva iniciativas, propostas e suxestións para o mellor logro das finalidades de coordinación, harmonización e participación e, en xeral, dos obxectivos específicos da Reserva.

12.- Emitir informe sobre os asuntos que o Órgano Reitor da Reserva lle someta.

8 Articulación do Plan de Xestión da Reserva da Biosfera

O Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño [RBTM], estrutúrase en 4 grandes liñas establecidas en conformidade cos obxectivos e directrices do Programa Home e Biosfera e, concretamente, coas contidas no Plan de Acción de Lima para a Rede Mundial das Reservas da Biosfera, e no Plan de Acción de Ordesa - Viñamala para a Rede de Reservas da Biosfera Españolas.

Liñas de actuación do Plan de Xestión	
Liña 1	Xestión adaptativa da Reserva da Biosfera
Liña 2	Función de conservación da Reserva da Biosfera
Liña 3	Función de desenvolvemento socio-económico da Reserva da Biosfera
Liña 4	Función de apoio loxístico da Reserva da Biosfera

Táboa 8.1. Liñas de actuación do Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Cada unha das Liñas do Plan de Xestión vincúlanse cos obxectivos contemplados no Plan de Acción de Lima para a Rede Mundial das Reservas da Biosfera e o Plan de Acción de Ordesa-Viñamala para a Rede Española de Reservas da Biosfera, incorporando no ámbito da función de conservación as liñas contempladas Convenio sobre a Diversidade Biolóxica, así como os obxectivos e metas fixados no 2022 no Marco mundial Kunming-Montreal da diversidade biolóxica. En cada unha das liñas fíxanse distintas actuacións, que se describen brevemente, indicando ademais os responsables directos da súa execución e o período temporal contemplado para o seu desenvolvemento.

O número final de accións expostas no Plan é de 14. 4 na liña de Xestión adaptativa da Reserva da Biosfera, 3 para a liña de Actuacións vinculadas coa función de conservación, 4 para a liña de

Actuacións vinculadas coa función de desenvolvemento socio-económico, e 3 actividades ligadas á función de apoio loxístico da Reserva da Biosfera.

Liña 1	Xestión adaptativa da Reserva da Biosfera

Accións

- Acción 1.1. Mellora do funcionamento da Reserva.
- Acción 1.2. Colaborar cos órganos de xestión doutras figuras de áreas protexidas, declaradas no territorio.
- Acción 1.3. Fortalecer as sinerxias coas entidades públicas e privadas do territorio.
- Acción 1.4. Estratexia de comunicación e difusión da Reserva.

Liña 2	Actuacións vinculadas coa función de conservación da Reserva

Accións

- Acción 2.1. Asegurar o mantemento e o estado de conservación favorable dos compoñentes da Biodiversidade e Xeodiversidade da Reserva da Biosfera
- Acción 2.2. Conectividade ecolóxica
- Acción 2.3. Vixilancia e control de especies exóticas invasoras.

Liña 3	Actuacións vinculadas coa función de desenvolvemento socio-económico

Accións

- Acción 3.1. Responsabilidade social.
- Acción 3.2. Medio rural.
- Acción 3.3. Medio urbano e áreas grises.
- Acción 3.4. Actividades de uso público.

Liña 4	Actuacións vinculadas coa función de apoio loxístico

Accións

- Acción 4.1. Seguimento de compoñentes ecolóxicos e ambientais.
- Acción 4.2. Actividades educativas e desenvolvemento de capacidades.
- Acción 4.3. Redes.

Táboa 8.2. Accións expostas en cada unha das liñas de actuación do Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

En cada unha das liñas establécense unha serie de indicadores para permitir unha adecuada valoración do grao de cumprimento e en consecuencia da consecución dos obxectivos do Plan. Entre os indicadores introdúcense os fixados polo Comité Español do Programa M&B no Cuestionario de seguimento da Rede Española de Reservas da Biosfera españolas.

Na descrición das distintas liñas empregáronse as seguintes abreviaturas: Reserva da Biosfera [RRBB]. Órgano Reitor da Reserva da Biosfera [ORRB]. Xestor da Reserva da Biosfera [Xestor]. Órgano de Participación da Reserva da Biosfera [OPRB].

Liña 1 Xestión adaptativa da Reserva da Biosfera

Obxectivos estratéxicos:

Obxectivos estratéxicos acordes co Plan de Acción de Lima

- Selección, planificación e implementación aberta e participativa das RRBB.
- Integración das RRBB na lexislación, as normativas ou os programas pertinentes, xunto ao apoio ao funcionamento das RRBB.

Accións.

- Acción 1.1. Manter os órganos da Reserva e fortalecer o seu funcionamento

O desenvolvemento normal da actividade da Reserva conleva a modificación dos seus órganos, cubrindo as vacantes nos mesmos, así como favorecendo os procesos de participación, así como a difusión dos acordos e medidas adoptadas.

Actividades previstas na Reserva da Biosfera

- Actualizar as posibles vacantes nos órganos de goberno da Reserva
- Convocar e realizar as reunións ordinarias dos órganos da Reserva.
- Facilitar os procesos de participación da cidadanía.
- Difundir os acordos e medidas adoptadas na web

- *Axentes implicados* ORRB, OPRB, Xestor
- *Duración* Continuo ao largo do Plan

- Acción 1.2. Colaborar cos órganos de xestión doutras figuras de áreas protexidas, declaradas no territorio.

Actividades previstas na Reserva da Biosfera

- Colaborar cos xestores dos espazos naturais protexidos e dos espazos protexidos Natura 2000, existentes no ámbito territorial da Reserva da Biosfera.
- Propiciar en colaboración coas entidades xestoras dos espazos naturais protexidos e dos espazos protexidos Natura 2000, actuacións de restauración ambiental da contorna e de integración paisaxística.
- Coordinar as actuacións de uso público no territorio da Reserva, propiciando que estas se realicen de forma racional, sostible e segura para os usuarios, evitando ou reducindo ao mínimo os posibles impactos sobre os compoñentes do Patrimonio Natural e Cultural.
- Propiciar a integración do Patrimonio Natural e Cultural da Reserva na promoción e difusión desta, tanto no ámbito local, rexional como internacional.

- *Axentes implicados* ORRB, Xestor, OPRB, outras entidades.
- *Duración* Continuo ao largo del Plan.

- Acción 1.3. Fortalecer as sinerxias coas entidades públicas e privadas do territorio.

Actividades previstas na Reserva da Biosfera

- Promover, de ser necesario, acordos con entidades públicas ou privadas, para lograr o cumprimento dos obxectivos e fins da Reserva da Biosfera.
- Fomentar as actuacións coas entidades de custodia do territorio e as ONG de carácter ambiental.
- Fomento de experiencias de custodia do territorio en colaboración público-privada para poñer en marcha prácticas de manexo sostibles.
- Difusión da custodia do territorio, obxectivos e beneficios como fórmula adecuada de xestión.

- *Axentes implicados* ORRB, OPRB, Xestor, outras entidades.
- *Duración* Continuo ao largo do Plan.

- Acción 1.4. Estratexia de comunicación e difusión da Reserva.

  Actividades previstas na Reserva da Biosfera

  - Aprobar e difundir a memoria anual de actividades da Reserva da Biosfera.
  - Creación dunha estratexia de comunicación da Reserva da Biosfera
  - Manter e implementar a información da Reserva a través da súa propia páxina web e doutros medios de comunicación.
  - Avaliar en coordinación coas administracións competentes a sinalización existente na Reserva, repoñendo a imprescindible e eliminando a reiterativa, innecesaria ou que xere un impacto visual.
  - Establecer acorde co Comité Español de Reservas da Biosfera a sinalética da Reserva nas principais vías de Comunicación.
  - Adecuar as instalacións de uso público no medio natural, tomando, no seu caso, medidas para mitigar os seus posibles impactos, e dotándoas dos servizos necesarios acordes coa súa tipoloxía e características.
  - Elaboración de documentación divulgativa sobre a Reserva (guías, folletos, mapas, etc).

  - *Axentes implicados* Xestor, OPRB,
  - *Duración* Continuo ao longo do Plan.

Indicadores

- Aprobación e difusión da memoria anual de actividades.
- Número de reunións dos órganos da Reserva realizadas por ano.
- Publicación dos acordos máis importantes na web e medios de comunicación.
- Elaboración da estratexia de comunicación da Reserva da Biosfera.
- Cumprimento dos apartados 1 a 4 do Cuestionario de seguimento das Reservas da Biosfera españolas aprobado no ano 2022 polo Comité Español do Programa M&B.

Valoración dos indicadores

Valoración de 1 a 10 dos efectos/impactos das distintas iniciativas vinculadas coas distintas accións sobre o grado de cumprimento dos obxectivos estratéxicos considerados para a liña 1.

Liña 2 Actuacións vinculadas coa función de conservación da Reserva

Obxectivos estratéxicos:

Obxectivos estratéxicos acordes co Plan de Acción de Lima.

- Recoñecemento das Reservas da Biosfera (RRBB) como modelos que contribúen á implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e dos Acordos Multilaterais Ambientais (AMUMA).
- Recoñecemento das RRBB como xeradoras e protectoras de servizos dos ecosistemas.

Obxectivos estratéxicos contemplados no Marco Global da Diversidade Biolóxica (CDB, 2022)

- Mantense, auméntase ou se restablece a integridade, a conectividade e a resiliencia de tódolos ecosistemas, aumentando substancialmente a superficie dos ecosistemas antes de 2050; Detense a extinción inducida polos seres humanos, e, para 2050, o ritmo e o risco da extinción de tódalas especies redúcese á décima parte, e a abundancia das poboacións silvestres autóctonas elévase a niveis saudables e resilientes; A diversidade xenética e o potencial de adaptación das especies silvestres e domesticadas mantense, salvagardando o seu potencial de adaptación.
- A diversidade biolóxica utilízase e xestionase de maneira sostible e as contribucións da natureza ás persoas, tales como as funcións e os servizos dos ecosistemas valóranse, mantéñense e mellóranse, cun restablecemento dos actualmente en declive, apoiando o logro do desenvolvemento sostible dentro dos límites planetarios.
- Os beneficios monetarios e non monetarios da utilización dos recursos xenéticos e dos coñecementos tradicionais asociados conexos, segundo proceda, compártense en forma xusta e equitativa, e en particular, cando corresponda, cos pobos indíxenas e as comunidades locais, e para 2050 increméntanse substancialmente, á vez que se protexen os coñecementos tradicionais asociados cos recursos xenéticos, contribuíndo así á conservación e utilización sostible da diversidade biolóxica de conformidade cos instrumentos de acceso e participación nos beneficios acordados internacionalmente.
- Os medios de implementación adecuados, incluídos recursos financeiros, creación de capacidade, cooperación técnica e científica, e acceso a tecnoloxía e a súa transferencia, para implementar plenamente o Marco mundial Kunming-Montreal da diversidade biolóxica resérvanse e son accesibles de maneira equitativa a tódalas Partes, especialmente aos países en desenvolvemento e os países menos adiantados, os pequenos Estados insulares en desenvolvemento, e os países con economías en transición, reducindo gradualmente o déficit de financiamento da biodiversidade de 700.000 millóns de dólares dos Estados Unidos ao ano, e harmonizando os fluxos financeiros co Marco mundial Kunming-Montreal da diversidade biolóxica coa Visión da Diversidade Biolóxica para 2050.

Accións.

- Acción 2.1. Asegurar o mantemento e o estado de conservación favorable dos compoñentes da Biodiversidade e Xeodiversidade da Reserva.

Actividades previstas na Reserva da Biosfera

- Propiciar o seguimento e avaliación do estado de conservación dos compoñentes da Biodiversidade e do Patrimonio Natural.
- Colaborar no mantemento ou mellora do estado de conservación de hábitats naturais – seminaturais, en especial aqueles incluídos no Anexo I da DC 92/43/CEE.
- Colaborar no mantemento ou mellora do estado de conservación das especies protexidas.
- Colaborar na sustentabilidade da actividade cinexética e piscícola.
- Fomentar a aplicación de medidas de adaptación fronte ao Cambio Climático Global.

- *Axentes implicados* Xestor, OPRB
- *Duración* Continuo ao longo do Plan.

- Acción 2.2. Conectividade ecolóxica e infraestruturas verdes.

  Actividades previstas na Reserva da Biosfera

  - Avaliar necesidades e medidas para a mellora da conectividade ecolóxica na Reserva.
  - Promoción de medidas de restauración vinculadas coa infraestrutura verde.
  - Favorecer a creación de illas de Biodiversidade nas grandes superficies de espazos artificiais.
  - Promover e colaborar na redución ou mitigación dos impactos paisaxísticos.
  - Promover a restauración, conservación ou creación de sebes vexetais nos agrosistemas.
  - Promover a recuperación e mantemento de pequenas charcas e estanques especialmente como hábitats de poboacións de anfibios e invertebrados protexidos.
  - Inventariar e avaliar os recursos etnobiolóxicos que forman parte da paisaxe rural tradicional e dos agrosistemas, incorporándoos ao catálogo aberto do Patrimonio inmaterial das Reservas da Biosfera Españolas.
  - Fomentar a aplicación de medidas de adaptación fronte ao Cambio Climático Global.

  - *Axentes implicados* Xestor, OPRB
  - *Duración* Continuo ao longo do Plan.

- Acción 2.3. Vixilancia e control de especies exóticas invasoras.

  Actividades previstas na Reserva da Biosfera

  - Promover o seguimento e avaliación das especies exóticas e especialmente daquelas que manifestan un comportamento invasor no territorio e que sexan susceptibles de ser controladas.
  - Promover accións de control (prevención, mitigación, erradicación) e restauración das áreas afectadas por especies exóticas invasoras.

  - *Axentes implicados* Xestor, OPRB
  - *Duración* Continuo ao longo do Plan.

Indicadores

- Actuacións ligadas directamente cos ODS e os obxectivos do Marco Global da Biodiversidade (CDB-2022).
- Actuacións de diagnoses e seguimento dos compoñentes da biodiversidade.
- Actuacións para mellorar ou manter o estado de conservación favorable dos compoñentes da biodiversidade.
- Actuacións de restauración ou mellora da conectividade ecolóxica.
- Actuacións de control ou mitigación de especies exóticas invasoras.
- Cumprimento do apartado 5 do Cuestionario de seguimento das Reservas da biosfera españolas aprobado no ano 2022 polo Comité Español do Programa M&B.

Valoración dos indicadores

Valoración de 1 a 10 dos efectos/impactos das distintas iniciativas vinculadas coas distintas accións sobre o grao de cumprimento dos obxectivos estratéxicos considerados para a liña 2.

Liña 3 Actuacións vinculadas coa función de desenvolvemento socio-económico

Obxectivos estratéxicos:

Obxectivos estratéxicos acordes co Plan de Acción de Lima

- Recoñecemento das Reservas da Biosfera (RRBB) como modelos que contribúen á implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e dos Acordos Multilaterais Ambientais (AMUMA).
- Sostibilidade Económica das RRBB.
- Recoñecemento das RRBB como xeradoras e protectoras de servizos dos ecosistemas.
- Xeración dos seus propios ingresos por parte das RRBB e as redes rexionais.
- Recoñecemento do Programa MaB como socio clave por parte do sector privado.
- Recoñecemento de que o Programa MaB contribúe ao cumprimento dos obxectivos dos programas de financiamento nacionais e rexionais.
- Contribución ás actividades das RRBB por parte de emprendedores e empresas sociais.
- Recoñecemento internacional e nacional das RRBB.

Accións

- Acción 3.1. Responsabilidade social.

Actividades previstas na Reserva da Biosfera

- Propiciar en colaboración con outras administracións públicas a mellora da calidade de vida das persoas na Reserva.
- Promover e mellorar o nivel de emprego e o emprendemento sostible na Reserva da Biosfera.
- Propiciar os modelos de economía verde e hipocarbónica, especialmente os relacionados cun uso máis eficiente dos residuos.
- Fomentar o consumo racional da auga potable de subministración pública.
